

foz

Repoñen as antigas fotografías do mural da rúa Julia Minguilón. **Pax. 20**

viveiro

A humanización do Porto do Celeiro inclúe a renovación integral. **Pax. 22**

barreiros

Conveniada a instalación dos xogos no parque xuvenil de San Cosme. **Pax. 23**

cervo

Convocado o XIII concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2023. **Pax. 24**

xove

O Concello aproba unha modificación do IBI que foi aceptada no Pleno Ordinario. **Pax. 24**

As protagonistas de maio

O día 28 de maio celébranse as eleccións municipais, nas que se elixirán os rexedores locais para os vindeiros catro anos



Del Riego e o Día das Letras Galegas

O escritor nado en Lourenzá será o homenaxeado o vindeiro 17 de maio. **Pax. 2**

Convocatoria dos premios ao turismo

A Deputación ten aberto ata o 31 de xullo o prazo para a presentación de candidaturas. **Pax. 30**

Romaría Bispo Santo



O venres 19 de maio comezará a festa na parroquia de San Martiño de Foz. **Pax. 20**

Encontro de Palilleiras



O 20 de maio celebrarase en Burela e xuntará a 600 persoas. **Pax. 21**

Feira do Trece de Alfoz



Os asistentes poden adquirir produtos da zona e desfrutar dos cabalos. **Pax. 27**

Expomar volve cargada de novidades

Este ano é a XIX Feira monográfica náutico-pesqueira que engloba as XXX Xornadas técnicas. **Pax.31**

REBÉLATE CONTRA A SUBA DOS PREZOS

adamo
A mega fibra

O TEU PAQUETE DE
FIBRA E MÓBIL
Ao 50% DTO.
DURANTE 9 MESES

OFERTA
VECINOS DE
GALICIA
NON A DEIXES
ESCAPAR!



Chama gratis ao
900 651 679

ou configura o teu paquete
a medida en www.adamo.es

Consulta os detalles da promoción en www.adamo.es

LETRAS GALEGAS 2023

Francisco Fernández del Riego ou Don Paco

Sempre traballou incansablemente e con optimismo, ata os derradeiros momentos da súa vida

Francisco Fernández del Riego, nado no lugar de Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913, foi un intelectual e activista político galego. Escribiu cos pseudónimos de Adrián Solovio, Adrián Soutelo, Salvador Lorenzana, S.L., Cosme Barreiros, Ronsel e Aleví. Desenvolveu dende os anos 30 un traballo constante e recoñecido a prol da cultura galega que continuou até os seus últimos meses e que fixo del unha das personalidades máis destacadas de Galicia.

PRIMEIROS ANOS. Foi o primoxénito dos once fillos e comezou o bacharelato cos bieitos de Lourenzá e rematouno como interno no Colexio da Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos. En 1930 matriculouse en Dereito na Universidade Complutense de Madrid e foi alí onde comezou a ler a Rosalía de Castro e a Vicente Risco. A proclamación da Segunda República colleuno nesa cidade. Pouco despois a súa numerosa familia trasladouse a Santiago de Compostela e alí foi el tamén, a seguir os seus estudos de Dereito na universidade galega, ao tempo que realizaba tamén a carreira de filosofía e letras.

ANTES DA GUERRA CIVIL. Iniciou a súa actividade literaria con colaboracións na revista Vallibria e xa en Compostela publicou artigos en El Pueblo Gallego, A Nosa Terra e Heraldo de Galicia. En Compostela entrou no Seminario de Estudos Galegos, e incorporouse ao Partido Galeguista logo da súa fundación.[14] En 1932 foi elixido secretario xeral da agru-

pación Ultrera. Cando se constituíu a Federación de Mocedades Galeguistas foi o seu primeiro secretario xeral, e formou parte do Consello galego de Galeusca.

A GUERRA CIVIL. Con ela chegou a súa inhabilitación na docencia perdendo o seu posto como profesor de Dereito na USC. Fernández del Riego recibiu unha sanción por parte do Tribunal de Orde Pública que fixo que estivese agochado un tempo e, finalmente, decidiu incorporarse ao

“A cultura non se pode politizar seitariamente, pertencelle ao país, que se interpreta a través dela”

exército cando foi chamado, para salvar a súa vida. Participou nas batallas do Ebro, Teruel e Estremadura. A guerra civil foi anos despois material literario da súa novela *O cego de Pumardedón* (1992), onde a xeración que fixo a guerra aparece representada simbolicamente polo protagonista, un home que queda cego tras o estoupido dunha granada: esa cegueira é unha metáfora da imposibilidade de dar unha visión integral e obxectiva do sucedido.

DESPOIS DA GUERRA CIVIL. Ao rematar trasladouse a Vigo desde

onde traballou sempre polo galeguismo e a cultura galega en múltiples iniciativas. En 1940 casou con Evelina Hervella Nieto, farmacéutica de formación, aínda que non exerceu e non tiveron fillos.

En 1947 foi detido, encarcerado e xulgado en consello de guerra, sendo finalmente exculpado.


Foi xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto un dos principais impulsores da Editorial Galaxia (1950), e en 1963, xurdiu desta editorial a revista *Grial*, que Del Riego codirixiu e para a que escribiu de forma asidua recensións literarias e artigos.

O seu traballo no ámbito cultural e a súa extensa obra convérteno nun dos principais intelectuais galeguistas do século XX e comezos do XXI. Entre os seus libros destacan ensaios sobre a cultura e a literatura galegas como *Historia de la literatura galega* (1951), *Galicia no espello* (1954), *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990), *A xeración Galaxia* (1996) e estranxeiras, como *Letras do noso tempo* (1974).

Cultivou tamén a narrativa *O cego de Pumardedón*, 1992, e a literatura de viaxes *As peregrinacións xacobeanas*, 1984. Editou antoloxías poéticas e libros de vocabulario, escribiu gran número de artigos poéticos e biografías. Tamén é autor dun libro de memorias, *O río do tempo*, 1991. No 2003 recompilou a súa correspondencia con Álvaro Cunqueiro e a editou en Galaxia co título *Cartas ao meu amigo. Epistolario Mindoniense*, e publicou tamén en Galaxia as súas memorias baixo o título de *Camiño andado*.

Autor de numerosos limiares, colaborou en publicacións e xornais como *Universitarios*, *Alento*, *Ser* e *A Nosa Terra*, das cales chegou a ser director; *La Noche*, *Galicia*, *Galicia Emigrante*, *Vieiros*, *Vida Gallega*, *Heraldo de Galicia*, *Nós*, *Grial*, *El Pueblo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Vallibria* e *Industrias Pesqueiras*.

En 1995 doou á cidade de Vigo a súa



colección de libros, que constitúe a Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego da Casa Galega da Cultura. Foi director da Biblioteca da Fundación Penzol, no mesmo edificio.

Tralo seu pasamento, acaecido en Vigo o 26 de novembro de 2010, as súas cinzas foron depositadas no cemiterio de San Pedro da Ramallosa, Nigrán.

En 2023 Galaxia editou a vida en banda deseñada, *Francisco Fernández Del Riego, o home que valía por mil*, con guión de Antón Mascato e debuxos de Pepe Carreiro.

CONCURSOS. As bibliotecas convocan o Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2023 na súa fase local e haberá dúas modalidades, Narracións e Debuxos. As Narracións, en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha

soa cara, sobre o tema “Libros para xogar, libros para vivir”.

A outra modalidade do certame serán os debuxos, feitos sobre papel ou cartulina DIN A4, sobre o tema proposto anteriormente: Libros para xogar, libros para vivir.

Cada autor pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo acompañarase unha folla co nome e apelidos e datos do autor ou autora. Establécense tres categorías para participar: A, ata 8 anos, B de 9 a 11 anos e C, de 12 a 16 anos.

O prazo de presentación dos traballos rematará o martes 16 de maio. O xurado, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os traballos premiados participarán na fase provincial convocada pola Biblioteca de Lugo.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegaloil

¿QUIERES VIVIR COMO UN MINISTRO?

ACÉRCATE A NUESTRAS ESTACIONES DE SERVICIO Y OBTÉN TU CARNÉ DE MINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA TENER PRECIOS DE ESCÁNDALO EN NUESTROS CARBURANTES

¡-5 CÉNTIMOS POR LITRO CON EL CARNÉ DE MINISTRO!



ELECCIÓN MUNICIPALIS 2023

Todo listo para a xornada electoral

Algo máis de 270.000 lucenses están chamados a votar o 28 maio nunhas eleccións nas que aumenta a presenza de BNG e VOX

O 28 de maio todos os veciños da provincia de Lugo están convocados a participar nas eleccións municipais, que escollerán aos alcaldes e concelleiros que rexerán os destinos dos diferentes concellos. Xa todos os partidos presentaron as súas listas electorais completas en cada un dos concellos. Un ano máis PP e PSOE contarán con candidatos para todas as alcaldías, algo que non é así para o BNG, que conformou lista en 53 dos 69, o que significa catro máis que nas anteriores eleccións.

Pero non son os únicos partidos que se presentan. Este ano VOX multiplica a súa representación con listas en oito concellos, cando nas anteriores só presentou en dous, Lugo e Burela.

Repiten estes dous e engádense os concellos de Viveiro na Mariña, Castro de Rei, Meira e Rábade na zona centro e Becerreá, Baleira e Sarria na montaña e no sur da provincia.

Así mesmo a coalición Contamos, que impulsaron os alcaldes de Becerreá e Sarria, e que unifica baixo

as mesmas siglas a Galicia Sempre, Camiña Sarria e Partido Galego, contará con representación en sete municipios. Ademais dos dous fundadores están Samos, O Páramo, Lugo, Meira e O Corgo.

Tamén hai oco para as candidaturas independentes, unhas 20 en toda a provincia.

As dúas máis representativas son a de Rábade, que lidera o alcalde Francisco Xosé Fernández Montes, e a de Monterroso, onde Rocío Seijas quedou á fronte da Alcaldía trala saída de Antonio Gato para reincorporarse aos socialistas.

Outras listas con tradición e representación repártense por toda a provincia, como Udival no Valadouro, Monforte Esperta, Agroma en Sober, Por Chantada, Courel Vivo, Independentes de Outeiro de Rei, Vilalba Aberta e Negueira Viva. Aparecen tamén outros grupos independentes de novo cuño como son Xuntos polo Cambio e Chantada Centro nesta mesma localidade, Independentes por Quiroga ou Avanza Pantón. Tamén se inclúen Terras de Portomarín, o Partido Galeguista de Ribadeo, o Partido Galego do Valadouro, Son Burela, Vía Alfoz e Por Viveiro.

OUTROS PARTIDOS. Outras listas de partidos de talante estatal tamén designaron candidato na provincia. É o caso de Ciudadanos, que só presenta en Lugo e Sarria, mentres que a coalición Podemos-Esquerda Unida loita por representación na capital da provincia e a formación morada estará soa en Viveiro.



406 administrativos e 1.012 axentes para vixilar a xornada

A Subdelegación do Goberno ultima os preparativos para a celebración da xornada electoral do próximo 28 de maio. O seu labor céntrase na comprobación dos locais de votación, a seguridade de todas as fases do proceso e a dotación de medios materiais, pasando pola transmisión da información oficial de apertura e peche de mesas, participación, escrutinio e transmisión dos resultados.

Están convocados a votar 270.274 lucenses e serán 406 as persoas que actuarán como representantes da Administración e se ocuparán de verificar a correcta apertura das mesas, resolver posibles incidencias e recoller os datos do recuento

do voto cando pechen as mesas. Da seguridade da xornada electoral ocuparanse 1.012 axentes da Garda Civil e a Policía Nacional, que contarán co apoio das Policía Locais de Lugo, Viveiro, Ribadeo, Foz, Burela, Vilalba, Chantada, Guitiriz, Cerro, Sarria e Palas de Rei, así como da Policía Autonómica.

Nas eleccións xerais do 28 de maio están chamadas a votar na provincia de Lugo 270.274 persoas, das que 269.101 son residentes nos 67 concellos e 1.173 residen no exterior. Respecto da loxística preparada para a celebración das eleccións, na provincia haberá un total de 401 locais electorais nos que se distribuirán as 533 mesas de votación.

Entre 25 e 5 concelleiros

Non en todos os concellos se escolle o mesmo número de concelleiros, faise en función da poboación. Loxicamente, o concello con máis representantes é Lugo, ao que con 97.211 habitantes censados lle corresponden 25 concelleiros.

Despois están as vilas máis poboadas. Así, con 17 (de 23 non hai ningunha) están Monforte, Viveiro, Vilalba, Sarria e Foz. Con 13 concelleiros están as vilas de entre 5.000 e 10.000 habitantes, como Ribadeo, Burela, Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei e Castro de Rei.

No seguinte franxa están situados os concellos con 11, é o caso de Cospeito, Cerro, Friol, Monterroso, O Saviñao, Mondoñedo, O Corgo, Xove, Palas de Rei, Fonsagrada, Quiroga, Barreiros, Begonte, A Pastoriza, Becerreá, Taboada, Guntín, Castrover-

de, Lán cara, Baralla, Pantón, Abadín, Sober, A Pontenova, Lourenzá e Carballo.

O Valadouro encabeza a listaxe de concellos con 9 representantes como Antas de Ulla, Xermade, Meira, Paradela, O Vicedo, Pol, Alfoz, A Pobra de Brollón, O Incio, Rábade, Bóveda, Portomarín, O Páramo, Cervantes, Samos, Riotorto, Baleira e Trabada.

Xa con menos de mil habitantes, Oural, Navia de Suarna, As Nogais, Folgoso do Courel, Ribas de Sil, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Muras e Ribeira de Piquín elixen 7 concelleiros e Negueira de Muñiz, o concello menos poboado (228 habitantes), ten 5 elixibles.

Sempre se escollen números impares para facilitar as votacións en sesións plenarias e evitar empates.



TU DESCANSO NOS IMPORTA

ES HORA DE CAMBIAR TU COLCHÓN

Hasta 300€ por el viejo





BARREIROS
Pol. Ind. Cruz do Lobo, Nave 10
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6
Tel.: 636 761 883

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954

O bastión socialista

Seis candidaturas para conquistar a cidade do Landro e conseguir representantes no consistorio

O PSOE leva anos gañando en Viveiro, que é a maior localidade por número de habitantes da Mariña. A actual alcaldesa, María Loureiro quere revalidar a maioría socialista con oito edís, malia que para a maioría absoluta son necesarios nove. Por outra banda, volve ser o concello con máis candidaturas da comarca, no que aparecen novas caras no Partido Popular, Mariña Gueimunde, e novos partidos como VOX e Podemos.

PSOE. A actual alcaldesa confirma “o meu compromiso absoluto con Viveiro e os meus veciños, toca traballar a diario para consolidar o noso proxecto”. Nun mandato moi complicado pola pandemia e o contexto económico e social, “fomos quen de dar pasos fundamentais para ter un novo PXOM, unha ferramenta fundamental para o futuro do concello”.

“Unha candidatura que combina a experiencia na xestión de goberno coa renovación, con caras novas que aportarán ilusión e outra visión das cousas”, explica Loureiro.

“Creo con honestidade que representamos a máis seria e sólida proposta de goberno para os nosos veciños”, engade a socialista, que sostén que “toca traballar a diario como ata agora para consolidar o noso proxecto. Co traballo feito nestes anos, Viveiro é ademais a referencia turística e do sector servizos da Mariña, pero aínda queda moito traballo por diante, loitando pola nosa vila e o conxunto da comarca”, explica.

“Temos unha candidatura paritaria coa presenza de persoas do casco urbano e as parroquias, todas elas moi preparadas para traballar por Viveiro”, apunta Loureiro.

PP. Mariña Gueimunde é a candidata do PP e que conta cun equipo de 27 persoas “comprometidas co futuro de Viveiro e cunha gran responsabilidade polos problemas da cidade”, así se referiu a candidata. Trátase, segundo apuntou, “dun gran equipo”. É unha lista 100% paritaria que representa as diferentes parroquias do concello. “Xente xove con preparación, ilusión e experiencia laboral nos diferentes campos; unha mostra, dixo, do que é verdadeiramente a sociedade viveirense”.

O obxectivo principal para Gueimunde é volver a gañarse a confianza dos veciños do municipio para dar resposta as súas necesidades e ser unha alternativa real de cara as próximas eleccións municipais. “Viveiro necesita dunha rehabilitación estrutural para recuperar a súa grandeza, neste momento contamos cun equipo de goberno que

está a cambiar as cousas a peor, e por iso, vamos a traballar con ilusión, humildade e seriedade para lograr uns resultados favorables”, engade a popular.

POR VIVEIRO. Bernardo Fraga, foi elixido por unanimidade e presentárase por segunda vez consecutiva aos comicios municipais na localidade. Afrontan as eleccións de maio co obxectivo de liderar o cambio político necesario logo de 40 anos de alternancia no goberno dos grandes partidos tradicionais. Queremos representar a todas aquelas persoas que se senten abandonadas, que consideran que Viveiro está en decadencia, e que debe ser un partido local, quen lidere un goberno de boa xestión, con capacidade de diálogo con calquera dos partidos, sen vetos nin miopía ideolóxica, para revertir a situación na que nos atopamos. En definitiva, un goberno de Viveiro, que traballe por Viveiro.

BNG. “Forza, enerxía e confianza é o que sinto polo apoio recibido” manifestou Míriam Bermúdez tras ser elixida por unanimidade para encabezar a lista do BNG de Viveiro nunha asemblea na que asegurou que “só se respiraba positivismo e seguridade”.

Bermúdez presentou un proxecto firme no que ademais da constancia e traballo, destacou iniciativas e proxectos claros para Viveiro con propostas para as parroquias como: mellorar a rede de saneamento, achegar fibra de alta velocidade, dinamizar as antigas escolas, poñer en marcha un Plan de Estradas, sacar adiante un PXOM ben planificado e crear unha Liña de Transporte Público, entre outras.

Míriam tamén salientou a necesidade de humanizar o concello creando espazos para as persoas como peonalizar a Praza de Lugo, retirar o enreixado de Lodeiro a Celeiro habilitando aparcamentos e unha nova zona verde, redactar o 1º Plan de Accesibilidade para Viveiro, introducir os cascos nas zonas REXURBE, mellorar as instalacións infantís ou transformar o Casino nun centro de ocio para a mocidade.



María Loureiro e Mariña Gueimunde



PODEMOS. Podemos anunciou a súa lista para as eleccións municipais en Viveiro, que estará encabezada por Roberto Yáñez. Fontes do partido amosáronse “moi satisfeitas” pola “ampla presenza de líderes das distintas sensibilidades

do progresismo e da esquerda no concello”.

VOX. O partido estatal encabezado por Jesús Primitivo Rodríguez é a primeira vez que se presenta neste concello. Rodríguez é licenciado en

Dereito pola Universidad Complutense de Madrid e doutor pola de Alcalá, foi xuíz substituto e maxistrado suplente na Audiencia Provincial de Ourense. E tamén, profesor na Universidad Rey Juan Carlos, en Madrid.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. María Loureiro García
 2. Jesús Fernández Fernández
 3. Lara Fernández
 4. María Soledad Rey Yáñez
 5. Eleazar José Rodríguez Abuín
 6. Catalina Fernández Méndez
 7. Darío García García
 8. Andrea Ríos Rodríguez
 9. María Del Carmen Franco Díaz
 10. Jacobo Bermúdez Guerreiro
 11. Jesús Chao da Silva
 12. Covadonga Viamonte Aguiar
 13. Óscar Canoura González
 14. María Dolores Blanco Polo
 15. Emilio Villamea Méndez
 16. Vitorina Candeias Raposo
 17. Iber Xosé Sánchez Rey
- Suplentes:
1. Vicente Hermida Rodríguez
 2. María Carmen Parra Maestre
 3. María Dolores Fraga Fernández

BNG

1. Míriam Bermúdez García
 2. Iria Coteló Cociña
 3. Juan Ramón Martínez Castro
 4. Severino Salgueiro Rodríguez
 5. Santiago López Chao
 6. Xosé Luís Ramallal Rego
 7. María Carballal Febreiro
 8. Carmen Mariño Caneiro
 9. María Simón Cundíns
 10. Alejandro Ferro Balseiro
 11. Francisco de Borja Eijo García
 12. Claudia Rivera Vázquez
 13. Juan Luís Fernández Fernández
 14. Tania Monteagudo Bermúdez
 15. José Antonio Goas Basanta
 16. Iliana Fraga Sánchez
 17. Xulia Antía Canoura Díaz
- Suplentes:
1. Iván Pena Muras
 2. Gloria Rouco Llanderroz
 3. María Do Mar Chaves Álvarez

PP

1. Mariña Gueimunde González
 2. Martín Vale Cobo
 3. Domingo González López
 4. Pablo Varela Sánchez
 5. Saray Ventura Fernández
 6. Vicente Vázquez Chao
 7. Erea Rivera Vázquez
 8. Francisco José Cora Fernández
 9. Virginia Fernández Lage
 10. Verónica Mantilla Rodríguez
 11. Laura Díaz Lamelas
 12. Elena González Eijo
 13. María José Dablanca Ferreiro
 14. José Darío Paz Veiga
 15. Alejandro González López
 16. Marta García López
 17. Carlos Martínez Fernández
- Suplentes:
1. Cristina García Lage
 2. Jorge Gómez Santos
 3. Gabriel Timiraos Delgado
 4. Regina Pigueiras Domínguez
 5. Felipe López Fernández
 6. Fátima María Fernández Gómez
 7. Francisco Rivas Cao
 8. José Camilo Arias Rial
 9. Claudia Romero Ramírez
 10. Antonio Fabián Cazás García

VOX

1. Jesús Primitivo Rodríguez
2. Jorge Rivas Braña
3. Félix Cienfuegos Rivas
4. María Ángeles García Cadaveira
5. Ana Isabel Rodrigo Perez
6. Félix Fernández González
7. Carlos Manuel Fidalgo Iglesias
8. María Almudena Corredera
9. Josefa Fenor Vicente
10. Miguel Ángel Rey Batán
11. María Zulema Infanzón Suárez
12. María Dolores Pérez Seijas
13. Miguel Luis Ibañez Costoya
14. José Higinio Ameijide Díaz
15. Pablo Teijeiro Gómez
16. Pilar González Pérez
17. Rubén Balseiro Otero

POR VIVEIRO

1. Bernardo José Fraga Galdo
 2. Manuel Galdo Dopico
 3. Carmen Paula Insua López
 4. Bernardo Regal Dovalé
 5. Lucía López Pereira
 6. Óscar Lara Gil
 7. Roberto Cruz Dopico
 8. Teresa Mercedes García Martínez
 9. Manuel Insua Díaz
 10. Elena María López Galdo
 11. Jose Luis Moñita Martín
 12. Goretti González Orol
 13. Indalecio Orosa Vázquez
 14. María Pal
 15. José Ramón González López
 16. Jose Luís Fraga Castiñeiras
 17. Noa Pardo Rivera
- Suplentes:
1. Alberto Pigueiras Leal
 2. Carmen Soto Ricoy
 3. Marco Antonio Chao Palmeiro
 4. Alfredo Fernández Castro
 5. Eva Trigo Sanjurjo
 6. Iván Castro Cora
 7. María Josefa López Rodríguez

PODEMOS

1. Roberto Vicente Yáñez Frieiro
2. Carlos Alberto Gueimunde
3. María Isabel Vázquez Pérez
4. Noelia Herrera Bruzos
5. Jesús Teodoro Fernández Dovale
6. María José López García
7. José Manuel Vázquez Requeijo
8. Enriqueta Gutiérrez Martínez
9. Orencio Orosa García
10. Jesús Antonio Cerrato García
11. Juan Carlos Herrera Reyes
12. Elena Insua López
13. Bruno Salgueiro Fanego
14. Myriam del Carmen Lira
15. Verónica Herrera Bruzos
16. Matilde Gutiérrez Martínez
17. Orlando Expósito Mariño

Mesmos candidatos

Os tres partidos presentan unhas listas moi parecidas aos anteriores comicios de 2019

Fran Cajoto deu a sorpresa nas pasadas eleccións na vila ao arrebatarlle o bastón de mando ao PP e devolverlle ao PSOE a Alcaldía, por iso preséntase nesta ocasión para seguir cos seus proxectos. Así mesmo, os populares presentan a Jorge Javier Castiñeira para intentar volver virar a balanza política. O BNG tamén volve confiar en Francisco Xavier Fanego Bermúdez, traballador de Alcoa, tralosos resultados conseguidos nos pasados comicios de 2019.

PSOE. O alcalde de Foz e candidato polo PSdeG-PSOE ás eleccións municipais, Fran Cajoto, presentou a súa lista para o 28 de maio. Francisco Cajoto, enxeñeiro de profesión, insiste en que se presenta “con moitísimas gañas e con máis ilusión ca nunca. Teño que agradecer enormemente o gran compromiso de todas as persoas que me acompañan nunha candidatura que ten un obxectivo claro: traballar por Foz, con humildade e con esforzo. Partimos de catro anos de experiencia nos que a pesar das dificultades derivadas da pandemia o Concello medrou en poboación, melloráronse infraestruturas na vila e nas parroquias e se levou a conexión de fibra óptica a todo o rural. Queremos continuar impulsando un proxecto que naceu para quedarse e ser merecedores da confianza das veciñas e veciños. Hoxe arranco un novo proxecto, é un gran día”, subliñou o actual rexedor focense, antes de destacar o traballo realizado polo seu equipo de goberno actual. Na candidatura están presentes os actuais concelleiros, “aos que agradezo o gran traballo destes catro anos e tamén caras novas: persoas xoves pero que destacan pola súa capacidade de xestión á fronte de asociacións e centros educativos, como Ángel Fernández e Elena Martínez Pena”.

PP. O candidato á Alcaldía, Javier Castiñeira, sinalou que a candidatura que encabeza ten “ilusión, xuventude, ideas renovadas” e está integrada por “xente representativa de cada parroquia”. A do PP de Foz é, en palabras de Javier Castiñeira, “unha candidatura de 20 persoas, 11 mulleres e 9 homes, dispostos a traballar para mellorar servizos, como os de limpeza, recollida de lixo e xardinería; para mellorar o mantemento das vías locais; aumentar prazas de residencia e de axuda no fogar; crear máis prazas de gardería para conciliar”. A lista popular traballará “coa fundación para darlle saída ao Asilo; coa ACIA para que o pobo sexa máis atractivo, coas asociacións culturais para decidir onde faremos o auditorio e coas asociación de veciños

para coordinar os investimentos nas parroquias”. Castiñeira sinalou que “daremos participación real á xente e consensuaremos os orzamentos cos colectivos. Hai que actualizar as ordenanzas fiscais para axudar ás familias, ás primeiras residencias e á xente que se decide polo rural; eliminaremos o imposto da plusvalía o primeiro ano de goberno e bonificaremos ás empresas que se asenten en Foz. Buscaremos solución aos solares abandonados, melloraremos as entradas de Foz por Marzán e Vilaxoane, promocionaremos o eixo porto-Rapadoira e pediremos á Xunta que amplíe Porto Chico”. O candidato lembrou os seus oito anos á fronte do goberno local, que foron anos “de feitos irrefutables”, nos que se logrou a residencia da terceira idade, aprobar o plan xeral, modernizar a zona comercial, mellorar a zona do porto, etc”. Lembrou tamén que, “na oposición, nestes catro anos, tentamos sempre seguir sumando”, e así se conseguiu “remodelar o instituto de Foz, xestionar a nova depuradora, defender a residencia, a escola de música, etc”.

BNG. O BNG presentou a candidatura para as vindeiras eleccións municipais que encabeza Francisco Xavier Fanego. Unha candidatura conformada por xente moza e xente con experiencia, por persoas de diferentes sectores e comprometida tamén no día a día do futuro do concello, participando todas elas e todos eles en diferentes colectivos e sectores na dinamización do pobo. O amplo equipo que lidera Fanego está composto por vinte e sete persoas que levarán adiante en Foz o modelo BNG de política municipal, “que é o modelo realmente transformador que precisan vilas e concellos coma Foz, para mellorar a vida das persoas, poñendo no centro das súas actuacións as necesidades da veciñanza, para atendelas, con diálogo e transparencia, como veño facendo xa nestes catro anos dende o grupo municipal do BNG no goberno do concello deste a tenencia de Alcaldía e as respectivas concellería dependentes dela”.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

BNG	PP	PSOE
1. Francisco Javier Fanego	1. Javier Jorge Castiñeira	1. Francisco Cajoto Caserio
2. Simeón Neira López	2. María Mercedes Rodríguez	2. Inés López Couto
3. Benito García Bolaño	3. Laura Riveira Balseiro	3. Ángel Fernández Neira
4. Zoraida Coira Vázquez	4. Verónica Soto Piñeiroa	4. Ana Matea Rojo Eijo
5. Sara Veiga Alonso	5. José Antonio Hermida Fernández	5. José María Linares Rodríguez
6. Gema Méndez Leivas	6. José Ángel Paleo Soto	6. Elena Martínez Peña
7. Iago Villamil Cajoto	7. María Dolores Labrada Labrada	7. Carlos García Rodríguez
8. Sonia Zubillaga Fernández	8. Miguel Ángel Fernández Mon	8. Katherina Asunción Alonso
9. Antía Fernández Moscoso	9. Iago Rivas Eiroa	9. Francisco Javier Fraga Fernández
10. Daniel García Fernández	10. Nuria Sante Fernández	10. Ana Casas Trelles
11. David García Díaz	11. Rocisca Díaz Díaz	11. Jesús Hermida Carracedo
12. José Ramón Veiga Alonso	12. Rocío Basanta Villapol	12. María Luisa Piñeira Núñez
13. Paz Quiroga Labrada	13. Fátima Rodríguez Moreda	13. José Ramón Villarino Neira
14. Estanislao Moreda Rodríguez	14. Víctor Martínez Fonte	14. Vanina Cabrera Sánchez
15. Teresa Rego Cabanas	15. Jonathan Delantero Rodríguez	15. Jesús Pérez García
16. José Luís Arca Couto	16. María Fernanda Pérez Rodríguez	16. Beatriz López Rey
17. Lorena Seivane García	17. Roberto Fernández Pena	17. Alberto Leivas Rodríguez
Suplentes:	Suplentes:	Suplentes:
1. María Elvira Arias Sante	1. Vanesa Maseda Vilar	1. Miguel Pena Ares
2. Antón Xosé Neira Alonso	2. José Rodríguez García	2. María Nelly Castro Neira
3. Amara Méndez Alonso	3. Paula Ortiz Díaz	3. José Francisco Ramalleira Fraga
4. Juan Benito García Lorenzo		
5. Rosa María Calvo Martínez		
6. José Ricardo García Blanco		
7. María Inés Paz Neira		
8. Antón Ponce Montero		
9. Pilar Rei Teixeira		
10. José Manuel Peña Abeijón		



Francisco Cajoto, Francisco Xavier Fanego e Jorge Javier Castiñeira

HONDA XL750 Transalp

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

TRANSALP

Las montañas te llaman.

Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

Cambio feminino nos socialistas

Os burelaos teñen por primeira vez unha candidata coa que o partido espera revalidar a Alcaldía e enfróntase a dous alcaldables consolidados

O profesor socialista e actual alcalde, Alfredo Llano, despídese do bastón de mando despois de tres lexislaturas e cédelle o posto á actual concelleira de Servizos Sociais, Carmela López, que quere seguir mantendo a esquerda socialista na vila. Pese a que o PP cambiou de líder para os anteriores comicios, cun Manuel Rouco que lle tomou o

relevo a José María González Barcia, só lle serviu para manter o xa adquirido. Por outra banda, o BNG, liderado por Mario Pillado, busca darlle á veciñanza “o servizo que merece”, e o novo partido independente Son Burela, preséntase ás eleccións con Alberto Eiroá e unha lista integrada por burelaos de diferentes idades e sectores.

PSOE. No relativo ao PSOE de Burela, o actual rexedor, Alfredo Llano, non se presenta e deixa paso a Carmela López Moreno, actual concelleira de Servizos Sociais e Mar.

A alcaldable sinalou que dá “un paso adiante” como candidata á Alcaldía “co reto de poder traballar ao servizo da vila na que nacín e a vila que desexo ver medrar día tras día”. “Preséntome co maior respecto, tamén coa máxima ilusión e, por suposto, sendo consciente da enorme responsabilidade que esixe este cargo público. Quero gobernar para cumprir ese soño colectivo de transformar e modernizar o noso concello”. Ademais, a candidata socialista explicou que nesta nova andaina política “rodéanme persoas traballadoras e comprometidas. Formamos un equipo que cre nas posibilidades de Burela e no seu futuro. Esa é a nosa senda, traballar por e para Burela e a súa veciñanza. Por iso, quero aproveitar esta ocasión para agradecer ao compañeiro Alfredo Llano, así como aos membros do Goberno o seu esforzo incansable ao longo destes anos pelexando sempre por mellorar os nosos servizos e as nosas dotacións públicas”, incidíu.

“Aínda nos queda moito camiño por percorrer, pero dende logo que estamos preparados para asumir novos retos que posicionarán a Burela no espazo que se merece. Temos unha folla de ruta clara e un proxecto definido que abarca mello-

ras a todos os niveis e en todas as áreas, no que a participación e a escoita dos cidadáns é fundamental”. E subliñou que “debemos detectar necesidades e conseguir solucións para facilitarlle a vida aos nosos veciños e veciñas”.

BNG. Hai meses que os nacionalistas fixeron público que Mario Pillado sería o seu candidato á Alcaldía de Burela e agora presentan o equipo que o vai acompañar nesta tarefa. Pillado convida ás burel@s e burelaos a subirse á Marioneta para levar adiante un proxecto transformador para Burela. En verbas de Mario Pillado, “para min é un orgullo contar con este equipo tan serio, responsable e traballador e abraioume a predisposición que tiveron dende o comezo de subir comigo á Marioneta. Estamos preparados para asumir o goberno local e darlle á veciñanza o servizo que merece. Comezamos así o noso camiño cara o esperanzador futuro de Burela. Agardamos que moita mais xente se suba á Marioneta”.

Pillado convida ás burel@s e burelaos á subirse á Marioneta

para levar adiante un proxecto transformador para Burela e está máis convencido ca nunca e “con moitas ganas de liderar ese cambio, coller a responsabilidade da xestión e traballar xunto co seu equipo para asegurar un futuro digno que a veciñanza burelá merece”.

PP. O candidato do Partido Popular de cara ás vindeiras eleccións municipais no Concello de Burela será Manuel Rouco. A proposta, acordada por unanimidade polo comité local, foi apoiada pola dirección provincial.

O popular avanza que “temos un proxecto realista de presente e de futuro para a nosa vila” co que “recuperar o que Burela non debeu deixar de ser durante os anos de desgobierno socialista”.

Rouco considera “fundamental” facer unha correcta “xestión do día a día da vila”. Nese sentido, se consegue o apoio dos veciños e veciñas na cita coas urnas do vindeiro 28 de maio “governaremos de cara á xente e non de costas aos intereses dos veciños e veciñas de Burela”, en referencia ao actual goberno. “Burela ten que recuperar a súa



Carmela López, Manuel Rouco, Mario Pillado e Alberto Eiroá

hexemonía na comarca” e para iso “é necesario fomentar a súa dinamización socioeconómica, políticas para favorecer a creación de emprego e o asentamento da poboación; ademais de garantir os servizos aos veciños e veciñas”, expón o popular que se compromete a traballar nesa liña.

SON BURELA. Alberto Eiroá Pérez atópase ao fronte de Son Burela, un novo partido político creado tras un debate por tentar “arranxar o mundo” nunha

sobremesa no 2020 por varios amigos.

A formación política independente Son Burela, presenta a súa lista de candidatura para as próximas eleccións municipais en Burela. O seu cabeza de lista e alcaldable, Alberto Eiroá Pérez, é Técnico en Electrónica e Técnico en Electricidade.

Súmase ao proxecto no número dous, Coral Rozas, enfocada ó ámbito social; continúa no número tres, Chema Varela, mestre soldador e profesional da montaxe.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. Carmela López Moreno
2. Ramiro Fernández Rey
3. Lina Gómez Pardo
4. Carlos Méndez Pena
5. Patricia Eijo Palmeiro
6. Antonio Carlos Gonçalves
7. Catalina Caamaño Isorna
8. José Manuel Casdolo Filgueiras
9. María Elvira García López
10. Diego Fole Eimil
11. Celia Álvarez Mazorra
12. Alberto Méndez Suárez
13. Patricia Otero Rodríguez
- Suplentes:
14. Manuel José Fernández

BNG

1. Mario Pillado
2. Sandra Fernández Cillero.
3. Roberto Bouza Orosa
4. María Antonia Oroza Fernández
5. Victor Cabarcos Val
6. Teresa Bermúdez de la Puente
7. Anxo Valle Ares
8. María Cao González
9. Ivandro de Brito Soares
10. Rosana Posada Expósito
11. Senín Díaz Mon
12. Dori González Fraga
13. Andrés Quiroga Pérez
- Suplentes:
1. José Mon Otero
2. Belen Quintela Yáñez

PP

1. Manuel Rouco López
2. Encarnación Bernal Marín
3. Félix Alberto Martins Gonçalves
4. María Teresa Lanza Meéndez
5. María Teresa García González
6. Ángel González Villarquide
7. Ana María Álvarez Gómez
8. Susana Fernández López
9. Jovana Oroza Castro
10. Maximino Otero González
11. Diego Rozas Regal
12. Josefa Yáñez Cao
13. Alberto José Ramos Arda
- Suplentes:
1. Belinda Romero Oroza
2. Genaro González Debasa
3. Carlos Saa Fernández

SON BURELA

1. Alberto Eiroá Pérez
2. Coral Rozas Manín
3. José María Varela Canoura
4. Yolanda Baamonde García
5. Nilda Borges Da Silva
6. María Varela Canoura
7. Hugo Eiroá Dayán
8. Jesús Rey González
9. Pamela Trelles Martínez
10. Guillermo González Suárez
11. María Begoña Dayán Mariño
12. Jorge Rubal Fernández
13. Raquel Rodenas Eiroá
- Suplentes:
1. Manel Salmerón



PP por bandeira

A veciñanza xovense votou exactamente igual nas eleccións dos anos 2015 e 2019

Os populares contan con sete concelleiros, os mesmos que en 2015, e volven estar liderados por Demetrio Salgueiro, e catro son os que conseguiu anteriormente o BNG, que nesta ocasión está liderado pola moza Pilar Vázquez, e que espera acadar mellores resultados. Por outra banda, o PSOE presentou unha nova candidata, Rogelia Mariña, que intentará conseguir algún escano e recuperar a representación perdida nos dous anteriores comicios.



Demetrio Salgueiro e Pilar Vázquez



PP. O candidato do PP de Xove, Demetrio Salgueiro, presentou a candidatura coa que concorre ás eleccións e coa que pretende revalidar a Alcaldía deste municipio por quinto mandato consecutivo. Salgueiro “agradece a implicación dos integrantes da lista que, segundo manifestou, conxuga experiencia, xuventude, representación parroquial e incorporación de xente nova”.

Trátase, segundo adiantou, dun equipo deseñado para dar cumprimento ao programa electoral, no que destaca a ampliación do polígono industrial de Camba para favorecer o asentamento de novas empresas a creación de novos postos de traballo; a aposta pola Educación e o Servizo Sociais, incluíndo a posta en marcha dun Centro de Día para maiores; a dinamización das medidas de creación de emprego de calidade a través do Plan de Emprego Municipal; a dotación de novas infraestruturas deportivas, coa construción dun parque deportivo e de ocio, un novo pavillón de deportes, así como a mellora da pista cabalar de Lago e o seu contorno, e o Porto Deportivo de Morás; entre outras liñas de actuación. Salgueiro é empregado do Concello de Burela en excedencia e licenciado en CC. Económicas. A el, ségueno persoas cun amplo currículo como son: Dolores Meitín, Licenciada en CC. Políticas; Cristina Iglesias, licenciada en CC. Do Deporte; Cecilia Duarte, Técnico Superior Administrativo; Rubén

Sánchez, traballador de Alcoa e incorpórase á lista como número 6 Tamara Soto, Terapeuta Ocupacional, que cubrirá o espazo de Servizos Sociais trala baixa por motivos laborais de Ana Abad tras 16 anos. Sobre esta última, o alcaldable non dubidou en recoñecer “que dende o Partido Popular lle estamos inmensamente agradecidos polo seu gran traballo, sabendo que sempre vai estar aí cando a precisemos aínda que non forme parte do goberno”.

O resto dos integrantes destacan pola súa implicación nas distintas parroquias. “Só así, avanzou Salgueiro, podemos seguir dando unha resposta ao que necesitan os veciños”. O candidato concluíu destacando que “toda a candidatura é un aval en formación e experiencia”. “Presentámonos ca ilusión e o firme compromiso de aportar o noso traballo para continuar a mellorar Xove, culminar proxectos que temos en marcha e atraer novos investimentos para o noso pobo”, remarcou.

BNG. O BNG anunciou unha nova cabeza de lista, que é a candidata de Xove, Pilar Vázquez. É administrativa e veciña da parroquia de Portocelo que vive actualmente en Xove, é tamén vice-responsable comarcal do BNG na Mariña e activa na asemblea local dende hai varios anos. Preséntase a estas eleccións con ilusión e con confianza no novo proxecto que presentarán ao

longo destas semanas os nacionalistas en Xove. “Somos unha alternativa seria para un concello que leva paralizado case 16 anos. É precisamente esa parálise a que supón que cada vez máis xente nova coma min sinta a necesidade de implicarse na política municipal pois, levamos practicamente máis da metade da nosa vida vendo como este concello non só non medra, se non que non se actualiza aos tempos nos que vivimos” afirma Pilar Vázquez que, á vez, anuncia que o resto da candidatura será presentada nun acto que terá lugar nas vindeiras semanas. “Como é habitual nesta asemblea local, facer as listas é cada vez máis complexo dada a cantidade de xente que se suma a este proxecto. Un proxecto que presenta unha alternativa de goberno renovada e á vez con experiencia, que pensa por e para a veciñanza, que quere ao país e aposta polo futuro e polo bo facer na política”.

PSOE. Rogelia Mariña Pernas é a candidata do PSdeG-PSOE á Alcaldía, un partido que non conseguiu concelleiros nos anteriores comicios. Mariña Pernas explicou que se presenta a estas eleccións “con moita ilusión e con moitas ganas de impulsar proxectos prioritarios para o meu concello, como a creación de emprego ou a mellora de servizos asistenciais para a veciñanza. Vivo na Rigueira dende fai 41 anos. Polo tanto, coñezo ben as necesidades do meu concello”.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PP

1. José Demetrio Salgueiro Rapa
 2. M^a Dolores Meitín Guerreiro
 3. Cristina Iglesias Guerreiro
 4. Cecilia Duarte Fernández
 5. Rubén Sánchez Villarquide
 6. M^a Tamara Soto López
 7. Manuel Ángel Meitín Rouco
 8. M^a Pilar Cociña Sánchez
 9. Leandro Quelle Franco
 10. Beatriz García Taladrid
 11. Luís Dayán Souto
- Suplente:
1. José Manuel Dayán Mariño
 2. José Manuel Balseiro Canoura
 3. M^a Amabilia Vázquez Díaz
 4. Rosario Balseiro López
 5. Juan Carlos García Castro
 6. M^a Josefa Pena Pastor
 7. Andrés Prieto Muriel

BNG

1. Pilar Vázquez Sánchez
 2. Miguel X. García Rodríguez
 3. Xosé Manuel López Hermida
 4. Laura Vilasa Abad
 5. Noela Bouza Bermúdez
 6. Carlos Fernández Louzao
 7. Rodrigo Baño Peña
 8. María Luísa Pernas Quelle
 9. Pedro García Louzao
 10. Cristina Lestegás Pérez
 11. Xosé Durán Cao
- Suplentes:
1. Marco López López
 2. Inés Alonso Villar
 3. José Antonio Alonso Salgueiro
 4. María Belén González Martínez
 5. Patricia Eijo Gómez
 6. David Díaz Meitín
 7. Sara Rey Balseiro
 8. Augusto Albo Ocampo
 9. José Luís Vale Blanco
 10. María Carmen Mejuto Urrutia

PSOE

1. Rogelia Mariña Pernas
2. Fernando López Pedre
3. Sonia Sofía Ribeiro
4. Javier Arca Uría
5. Aida López Cuadrado
6. Carlos Martínez Casabella
7. Cesarina Cuadrado Casariego
8. José Antonio Martínez Pernas
9. Marco Samuel Pereira Oliveira
10. Luisa Baltar Infante
11. Francisco Louzao Rego



¿Tienes un proyecto social de apoyo a la comunidad?

Y.E.S.
You Empower Society

Inscríbete en
EDP Energía Solidaria

edp
Fundación

Energías Renovables

Eficiencia Energética

Movilidad Sostenible

Comunidades en Transición



Envía tu solicitud del **1 al 31 de mayo**
Más información: www.fundacionedp.es

Unha vila tinguida de azul

O popular Daniel Vega e a socialista Marta Rey queren arrebatarlle a Alcaldía ao grupo nacionalista encabezado por Pablo Vizoso

O PP presenta a un Daniel Vega reforzado que intentará arrebatarse o bastón de mando ao BNG, quen triunfou na vila nas anteriores eleccións e que nestas muda ao candidato por un Pablo Vizoso con vagaxe á fronte da Concellería de Economía, Desenvolvemento Local e Turismo. Vega conta cunha lista ampla de 23 persoas. Así

mesmo, Marta Rey, do PSOE, volve concorrer como cabeza de lista, pois “hai moito que facer na vila”. Ademais é coordinadora comarcal dos socialistas e membro da executiva provincial do partido. Estará presente tamén nestas próximas eleccións a candidatura de Partido Galeguista, liderada por Ángel Rodríguez.

BNG. O BNG de Ribadeo presentou a candidatura para as eleccións do 28 de maio, liderada por Pablo Vizoso Galdo. Un equipo de

vinte e tres persoas para renovar o goberno municipal e dar continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos anos.

Seis novas incorporacións, mulleres con diferentes perfís profesionais, reforzan un grupo que suma a experiencia de xestión acumulada polos diferentes gobernos do BNG en Ribadeo.

Concelleiras e concelleiros deste mandato repiten nos postos de saída da candidatura, aos que volve Vicente Castro Reigosa, que fora concelleiro de Economía e Fazienda.

“Presentámonos con toda a ilusión, con proxectos sólidos e coa confianza que nos dá o bo traballo feito ata agora”, dixo Pablo Vizoso Galdo, que reivindicou a bagaxe dos vinte anos dedicados ao concello de Fernando Suárez Barcia. Engadiu: “presentámonos como un equipo serio, fiable, solvente e responsable. Seguimos crendo firmemente no respecto polos cidadáns, no traballo conxunto na defensa dos intereses de Ribadeo e no diálogo permanente coa sociedade”.

PP. O candidato á Alcaldía de Ribadeo, Dani Vega, presentou aos membros que formarán a súa candidatura nas vindeiras eleccións municipais.

Dos membros que conformarán o equipo, Vega destaca que “é o mellor equipo posible para gobernar, un equipo forte, unido, con experiencia e preparado para gobernar. Un equipo liderado por mulleres que traballaron moito comigo nestes catros anos”.

En relación á lista Dani Vega destaca que “somos un equipo tan forte que temos moitas persoas que se queren unir ao noso proxecto, aos cales lles queremos dar as gracias, traballaremos todos xuntos para impulsar Ribadeo. Temos unha lista ampla e moi completa de 23 persoas, unha lista clave para ganar as próximas eleccións municipais”.

O alcaldable subliña tamén que “esta lista está conformada por persoas que son 100% ribadenses e que van a traballar por e para Ribadeo, persoas que non hai que explicarles onde están as rúas, os barrios e as parroquias. Temos a sorte de que somos un grupo



Dani Vega, Marta Rey, Pablo Vizoso e Ángel Anes

moi unido, que está formado por xente moi preparada que ven de moitos ámbitos diferentes: educación, sector público, medio rural, empresa, etc”.

Dani Vega indicou que “o goberno do BNG –problemas internos- e o PSOE –totalmente desaparecido-, o único que están a facer é levar unhas políticas sen rumbo que tocan ao seu fin. O noso proxecto non empeza uns días antes das eleccións. Levamos traballando intensamente durante estes catro anos, xestionando moito orzamento, máis orzamento que o goberno do BNG sendo da oposición”, dixo o candidato.

Desde o inicio desta lexislatura, o grupo municipal popular seguiu unha liña de traballo baseada na escoita activada dos veciños e veciñas do municipio, dándolles voz ás súas demandas e explicando con detalle “o que queremos para Ribadeo”.

Deste xeito, o popular quere facer chegar a Ribadeo “a posta en marcha do novo centro de saúde, a tramitación para poder empezar co proxecto de reforma e adaptación do Hospital Asilo e a creación de novos aparcamentos na vila”, entre outras liñas de actuación.

PSOE. A secretaria de organización e voceira da agrupación socialista de Ribadeo, Marta Rey, volverá a concorrer como cabeza de lista ás eleccións municipais.

Rey di que “quero seguir traballando e loitando polo futuro dos veciños do meu concello e da miña comarca. En Ribadeo hai moito por facer. Estou convencida de que nas vindeiras eleccións seremos o partido que lle dea o empuxón progresista que Ribadeo merece”, remarcou.

O coñecido ribadense Víctor López ocupará o número 2 da candidatura. López, que naceu na vila ribadense hai 54 anos, é traballador do Rexistro da Propiedade en Ribadeo e foi presidente do Ribadeo Fútbol Club, entre outras responsabilidades en diferentes colectivos. Leva sendo militante do Partido Socialista desde hai máis de 20 anos.

PARTIDO GALEGUISTA. O Partido Galeguista concorrerá ás eleccións con Ángel Anes como candidato. O propio candidato e Pablo Rodríguez Vivín, impulsor da lista, notificaron a candidatura na xunta electoral provincial en Mondoñedo.

Ángel Anes ten 63 anos e pasou a primeira etapa da súa vida, ata os 30 anos, traballando en distintos proxectos comerciais en Ribadeo. “Involucreime neste proxecto porque me parece serio e un lugar dende o que se poden facer cousas para a poboación”, recoñece Anes, que se mostra con “ilusión e ganas de apartar propostas para o programa”, di Anes.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PP

- Daniel Vega Pérez
- Begoña Sanjurjo Santar
- Marta Saiz García
- Montse Seijo Díaz
- Diego dos Santos Rodríguez
- Elena Sierra Pulpeiro
- Francisco José Silvent Villalba
- María Remedios Espiñeira
- Javier Castro González
- Manuel Salvador Álvarez Álvarez
- Noelia García Fojo
- Mario Alberto Meira García
- Ramón Fraga Martínez

- Suplentes:
- David Fernández Díaz
 - Belén Cociña García
 - María José Duarte Fanjul
 - Justo Pedro Suárez Conde
 - José María Remior Fernández
 - Susana García Rodríguez
 - Félix Fernández García
 - Gonzalo Maximiliano Lebreo
 - Azucena González Loreda
 - Pedro José Antonio Muruais

BNG

- Pablo Vizoso Galdo
- Mónica Freire Rancaño
- Vicente Castro Reigosa
- Jorge Díaz Freije
- Pilar Otero Cabarcos
- Marcos Antonio Villamil Martínez
- Martín Graña Pérez
- Raquel Ferreira Álvarez
- Lucía Balea Vazquez
- Pedro Fernández Villamil
- Patricia Díaz López
- Vanesa Yanes Rivas
- Xosé Farruco Graña Rama

- Suplentes:
- María Novo Fernandez
 - David Rivas Peña
 - Eva Iglesias López
 - Xoan Antón Monasterio López
 - Olivia Rey Soto
 - José Rocha Fernandez
 - María Ángeles Fuente Verdeal
 - Óscar Chao Penabad
 - María Da Paz Ermida Igrexas
 - Fernando Suárez Barcia

PSOE

- Marta García Rey
- Víctor López Pérez
- Camilo Vázquez Corveiras
- María Teresa Pérez Sanz
- María Lidia Gómez
- Juan Ramón Martínez Pérez
- Celia Vila Lombardero
- David Fernández Feijoo
- Amaia López Vivas
- Justo Enrique Navarret Mon
- Myriam Álvarez Legazpi
- Aline Karina Canero Rego
- José Ramón López López

- Suplentes:
- Lorena Ramón Bouso

PARTIDO GALEGUISTA

- Ángel Rodríguez Anes
- Juan Antonio Sancosme
- Verónica Pedrero Jiménez
- José Luis Carnota
- Patricia Ramallal Alonso
- Abel Coto Coto
- Pablo María Rodríguez Fernández
- Noelia Villa Rodil
- Ángel Christian González Pérez
- Claudia Cristina Fernández
- Manuel José Pérez Fernández
- Ana Vila Portomeñe
- Lucía Cristina Gutiérrez Morales

- Suplentes:
- José Antonio López Díaz



Tentando consolidar

O BNG e o PSOE poderían volver a unir forzas para manter o equilibrio municipal

A actual alcaldesa do BNG, Ana Ermida, alzouse coa Alcaldía barreirense no 2019 grazas ao apoio da socialista e cabeza de lista do PSOE, Carmen Veiga, quen tentará sumar algún concelleiro máis. A nacionalista volve presentar unha lista de persoas con experiencia en xestión. Pola contra, o PP, encabezado polo enfermeiro José Manuel Gómez Puente, intentará arrebatarlle a Ermida o bastón de mando, un cetro que foi popular dende o comezo da democracia.



Ana Ermida, Carmen Veiga e José Manuel Gómez



BNG. O Bloque Nacionalista Galego en Barreiros reforzou a candidatura coa incorporación de cinco persoas de diversos perfís que “contribúen a ter un grupo diverso, representativo e con novas visións e propostas para o concello”, explica Ana Ermida. A actual alcaldesa e candidata á reelección manifestou o “orgullo de seguir ampliando o grupo que apoia a candidatura do BNG en Barreiros, porque con estas cinco incorporacións gañamos en solvencia, ideas e diversidade; xa que se suman a todas as persoas que xa formaron parte da nosa candidatura hai catro anos e as que, sen aparecer nunha lista electoral, colaboran na preparación da campaña e

nas ideas de goberno.” O BNG volve presentar unha lista de vinte unha persoas -o máximo permitido para o seu concello- que “demostra a fortaleza do proxecto que o BNG comezou a implantar desde o goberno hai catro anos e que continuaremos a desenvolver despois do 28 de maio, cun grupo de traballo máis amplo e con novas ideas para poñer en marcha.”

Ana Ermida explica que nesta ocasión quixeron incluír novos perfís de persoas que demostran o seu amor por Barreiros e por un proxecto no que ninguén queda atrás. “Por iso apostamos por perfís de mulleres novas, diversas, con orixes distintas, pero ás que as unen as ganas de que Barreiros continúe avanzando e sexa un espazo máis plural, inclusivo e igualitario.”

A candidata nacionalista amosouse “orgullosa de contar con tanta xente disposta a poñerse mans á obra para seguir construíndo un Barreiros mellor, desenvolvendo a cimentación que comezou a colocarse nestes catro anos nos que xa se puideron ver cambios e avances.”

A candidata anunciou que o programa electoral centrarase en

continuar e desenvolver o traballo xa iniciado nestes catro anos, baseándose na participación e a transparencia, no dinamismo social e económico, nos servizos para as persoas e na igualdade; “eixos sobre os que xa pivotaron as actuacións dos pasados catro anos e sobre os que continuaremos a apoiar as accións de goberno que se executen en Barreiros”, concluíu.

PP. O Partido Popular presenta unha candidatura amplamente renovada, cargada de ilusión e con profunda vontade de traballo ao servizo dos veciños. Así a define o candidato, José Manuel Gómez Puente, que explica que, dos 19 integrantes da lista, 15 son de nova incorporación. O alcaldable destaca que na súa candidatura hai máis mulleres (10) que homes (9). Igualmente, pon de relevo o feito de que 8 das persoas que integran a lista teñen formación sociosanitaria, un aspecto relevante para un proxecto político -di Gómez Puente- que ten na súa folla de ruta como asunto prioritario a mellora dos servizos sociais no municipio. Gómez Puente sinala: “Somos homes e mulleres que temos moitas

ganas de traballar para mellorar a calidade de vida dos veciños de Barreiros; sabemos como mellorar os servizos que presta o Concello e temos vontade de chegar a acordos para conseguir recursos doutras administracións. Somos un equipo con moita ilusión e decisión para mellorar as cousas no concello de Barreiros e, se gobernamos, empezaremos a facelo dende o primeiro día”.

O alcaldable popular asegura que el e os que o acompañan na lista centrarán “todo o esforzo en conseguir investimentos e servizos para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños”.

PSOE. Carmen Veiga é a candidata do Partido Socialista e di que “levamos conseguido cousas moi positivas nestes catro anos e teño a ilusión e as ganas intactas para seguir traballando pola confianza dos meus veciños e veciñas, polo menos, coa mesma intensidade que ata o de agora”, asegura. Entre os froitos do traballo feito neste mandato, no que asumiu unha tenencia de Alcaldía e a Concellería de Servizos Sociais, desta-

cou a posta en marcha do servizo público de préstamo de material ortoprotésico, posible grazas a un convenio de 20.000€ asinado coa Deputación de Lugo.

Tamén resaltou que o Servizo de Axuda no Fogar está a atender a preto de 70 persoas sen listas de espera e que no peor da pandemia o protocolo implementado polo Goberno local evitou contaxios entre as persoas usuarias e as traballadoras. Ademais, subliñou o traballo realizado en rede co tecido asociativo de Barreiros.

Agora, quere seguir traballando para conseguir máis avances para os veciños e veciñas de Barreiros, en concreto, un Centro de Día e unha residencia, unha depuradora para a praia de Arealonga, un novo apeadeiro do ADIF, ou para poñer en valor o xacemento da Roda.

Veiga explica que quere facelo apostando polos servizos sociais de xeito transversal porque “os socialistas cremos na xustiza social e na igualdade de oportunidades e o Concello ten que ser a primeira man tendida para as persoas máis vulnerables. Ese é o meu compromiso”.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. Carmen Veiga Rodríguez
 2. Juan Bautista Cortiñas Pedreira
 3. Jorge David Vázquez Grande
 4. Benito Longarela Geada
 5. María Jesús Jover-Peralta Pane
 6. Felipe Fernández Recalde
 7. Silvia Otero Moirón
 8. María De La Luz Rodríguez Rico
 9. Adrián Longarela Otero
 10. Jose Antonio Otero Ramos
 11. María Del Rosario Pardo Suárez
- Suplentes:
1. José Terrón Cantil
 2. Miguel Ángel Barrera Longarela
 3. María Ángeles Moirón Otero

BNG

- 1 Ana Ermida Igrexas
 2. Antonio Veiga Outeiro
 3. Montserrat Porteiro Sánchez
 4. Dámaso Ratoeira Basanta
 5. Daniel García Fernández
 6. Jesús Díaz Blanco
 7. Ofelia Cebrián Paz
 8. Ana López Pérez
 9. Soraya García Díaz
 10. Miguel Ángel Vilar Rego
 11. Carlos Fernández Fraga
- Suplentes:
1. Jennifer Cancio García
 2. Diego Vizoso Castro
 3. Sarai López Rocha
 4. Carlos Baamonde Bermúdez
 5. Mina Selouane Selouane
 6. Pedro Villar Rodríguez
 7. Belén Fernández Soto
 8. Xoán Manuel Díaz Branco
 9. Cándido Álvarez Veiga
 10. Gloria Pérez Rodríguez

PP

1. José Manuel Gómez Puente
 2. María Ramona García de Gabriel
 3. Pablo Posada Rocha
 4. María Mar Sante García
 5. Manuel Alonso Díaz
 6. María Leticia Fernández Rey
 7. Laura López Paz
 8. Carlos Pérez Martínez
 9. Iván Otero Lende
 10. Purificación Catalina Alvite
 11. María Ángeles Sanjurjo
- Suplentes:
1. María Silvia Fernández Martínez
 2. Sonia Piñeiro Rúas
 3. Paulino Loban Rodríguez
 4. Yasmina Fernández Rivas
 5. José Manuel García de Gabriel
 6. Concepción Fernández Iglesias
 7. Evencio Rocha Moreda
 8. Juán Bautista Vila Lanzós

AUTO CRISTAL
RALARSA

AUTOCRISTAL
JUANES
LUNAS PARA VEHICULOS

- REPARACIÓN DE LUNAS
- UNIDAD MÓVIL (LUGO Y PROVINCIA)
- SUSTITUCIÓN DE LUNAS
- TRATAMIENTOS REPELENTES DE AGUA
- TINTADO DE LUNAS DESDE 70€
- PULIDO DE FAROS
- DESINFECCIÓN CON OZONO

Concertado con todas las compañías

Taller de Lugo

Marcos Juanes
Avenida de Ferrol nº35
Móvil 659 610 470 - Tel. 982 551 026
27870 Viveiro

www.ralarsa.com

autocrystaljuanes@gmail.com

Tres maiorías absolutas do PP

Alfonso Villares, do Partido Popular, quiere revalidar a Alcaldía coa que goberna con comodidade fronte a unha oposición do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista, para elo espera volver a ter o suficiente apoio nas urnas

O PP aspira a revalidar a maioría absoluta que conseguiu nos dous anteriores comicios, con 7 edís. Así, Alfonso Villares volve encabezar unha lista na que se rodea de gran parte do equipo que o acompañou neste últimos tempos. O PSOE presenta para estes comicios unha nova candidata, Luján Ramos, que estaba de segunda

na lista do 2015, e que intentará sumar representantes vermellos no Concello para exercer o seu labor na oposición, ou pola contra, conseguir os votos suficientes. Por outra banda, o BNG representado novamente por Diego Fernández, buscará darlle a volta ás tornas dos votantes, e levar o modelo BNG á Alcaldía.

PP. O candidato popular, Alfonso Villares, presentou o equipo que o acompañará para concorrer ás eleccións municipais do próximo 28 de maio. Unha candidatura composta por vinte veciños e veciñas “con moita ilusión, forza e iniciativa para seguir traballando por e para Cervo, por e para cada un dos veciños do noso Concello os próximos catros anos”.

Villares volve rodearse do equipo ao completo que o acompañou nos anteriores comicios do 2019, “con acreditada experiencia e capacidade de traballo” e incorpora a catro veciños, Adrián Arias Díaz, Inoa Pardo Mariño, David Manuel Mon Pampín e Alfredo Ben Quelle, “con moitas ganas, ideas renovadoras e proxectos de futuro para Cervo”, perfectamente coñecedores da realidade do noso Concello.

Así o explicou o candidato popular, que remarcou “mantemos o mesmo equipo que fai catro anos e incorporamos caras novas, dá gusto contar con

xente nestes tempos con tanta ilusión e ganas de participar na política e de facer que o noso concello siga prosperando”.

O rexedor e candidato á reelección definiu ás 20 persoas que conforman a lista como “un equipo de veciños e veciñas que traballamos na mesma liña: por e para Cervo”. É unha candidatura “reforzada” ao contar con membros do actual goberno local á que se suman “máis persoas que dan o salto á política”. Villares incidiu en que “a candidatura popular está reforzada en ilusión, ganas, experiencia e xuventude” que considerou “os mellores avais para presentarse ante os veciños e traballar por e para Cervo, dende os diferentes ámbitos, tal e como fixemos nos últimos anos”. De feito, o popular ostenta a alcaldía dende o ano 2007 e opta a un quinto mandato ao fronte do consistorio de Cervo.

O popular tamén explicou que “despois dunha boa xestión financeira ao longo destes anos, o Concello está agora libre de

hipotecas e das débedas herdadas por primeira vez en 35 anos”. Polo tanto, “agora hai moitas máis posibilidades de reforzar as políticas públicas”. Villares tamén é vicepresidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, o que lle serve para coñecer a problemática do seu concello e da comarca en xeral.

BNG. O BNG presentou a candidatura coa que concorre ás eleccións municipais do 28 de maio. Son 18 veciños comprometidos co futuro do concello desde diversos frontes e sectores. O candidato Diego Fernández Martínez, de Lieiro, traballador de Alúmina, na factoría de Alcoa, actual portavoz municipal na Corporación cervense afirma que o necesario cambio que precisa Cervo ten que vir da man do proxecto BNG, un modelo de éxito en moitos concellos xa e co cal Cervo pode e debe impulsar o seu desenvolvemento. “Un concello BNG é sinónimo de respecto polo público,



Alfonso Villares, María Luján Ramos e Diego Fernández

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. Luján Ramos Ben
 2. J. Benito Díaz Docando
 3. Amado Ballesteros González
 4. Lorena Pardo Quelle
 5. Manolo Rodríguez Rodríguez
 6. Xosé Fernández Segurado
 7. Pedro L. Rodríguez Ben
 8. Sonia Méndez López
 9. Rafael Muíño Gómez
 10. Joaquina Baño Vázquez
 11. Almudena Cayón Rivas
- Suplentes:
1. Francisco Mon Fernández
 2. Marina Gómez Cobas
 3. Antonio González Villares

BNG

1. Diego Fernández Martínez
 2. Zulema Murado Sánchez
 3. David Angel Villares Sánchez
 4. Sonia Vidal Cervo
 5. Xorxe Caldeiro Díaz
 6. María Pilar González Rey
 7. Eden Vázquez Pillado
 8. Lucía Limeres Pillado
 9. Iban Sánchez Rodríguez
 10. Ana Pampín Fernández
 11. Moisés Teixeira Palmeiro
- Suplentes:
1. Carmen Ventoso Lista
 2. Adrian Cordido Eijo
 3. Tareixa Lorenzo Oroza
 4. Pablo Lourenzo Quatra
 5. Xoan Anton Estua García
 6. María Fernandez Rei
 7. Ramón Luis Bernardo Insua

PP

1. Alfonso Villares Bermúdez
 2. María Dolores García Caramés
 3. Manuela Méndez Álvarez
 4. Adrián Arias Díaz
 5. Alfredo Antonio Fernández Casas
 6. María Concepción Pilar Armada
 7. David Rodríguez Pernas
 8. José Manuel Balseiro Orol
 9. Inoa Pardo Mariño
 10. María Isabel Rivas Pernas
 11. David Manuel Mon Pampín
- Suplentes:
1. María Carmen Fernandez Polo
 2. Alfredo Ben Quelle
 3. Diego Campo López
 4. Yolanda Pedreira Cruz
 5. José Antonio Gallego Rodríguez
 6. Inés Cobas Balseiro
 7. Denise Galán López
 8. Plácido Pérez Otero
 9. Antonio Basanta Fernández

de traballo honesto e honrado, e de toma de decisións valentes pensando no común” asegurou. O candidato nacionalista anima veciñanza a traballar por levar a todos os concellos o modelo municipal do BNG “que tan bos resultados para a cidadanía está dando xa en moitos municipios da Mariña e do país”.

PSOE. Luján Ramos Ben é a candidata socialista á Alcaldía. “Por primeira vez encabezo a candidatura do PSdeG para reafirmar o meu compromiso coa veciñanza do meu pobo, e ao mesmo tempo, para traballar polo futuro do meu concello, con humildade e dende a responsabilidade que merece este posto”, dixo. Ramos Ben destacou que a candidatura inclúe xente moza, “que por primeira vez quiere participar activamente en política”. Polo que respecta ao programa electoral, “xa iniciamos contactos con colectivos para que nos trasladen as súas prioridades. Entre todos e todas, temos que facer un concello mellor, máis dinámico e con máis proxección de futuro”. Nesta liña, avanzou que unhas das prioridades na súa folla de ruta pasa por impulsar melloras nas infraestruturas viarias do municipio.



Un feudo socialista

Campos afronta as eleccións coa seguridade de ter a tarefa feita e na procura de revalidar a Alcaldía

O socialista, Darío Campos, volve presentarse aos comicios con ilusión e con algún cambio na súa lista para seguir aumentando a maioría dos concelleiros, como leva facendo desde as súas primeiras eleccións no 2007. Os populares mudaron de cabeza de lista e nesta ocasión estarán representados pola veciña pontenovesa Concepción Novo. Á oposición súmase Xurxo Gómez Rico, quen foi número dous na lista do 2019 polo BNG.

PSOE. O PSOE volve confiar en Darío Campos, actual rexedor pontenovés para as eleccións. Campos é veterinario de profesión e nas eleccións municipais de 2007 encabezou por primeira vez a candidatura do PSdeG-PSOE á Alcaldía e foi elixido alcalde con maioría absoluta. Obtivo sucesivas maiorías absolutas en 2011, 2015 e 2019. Tamén no 2015 foi elixido como presidente da Deputación de Lugo polo que coñece en primeira persoa os traballos e requisitos para as administracións.

Entre algúns dos seus proxectos nesta lexislatura están a proxeción e licitación da residencia de maiores, a *tirolina* que une a mina Consuelo e o forno Boulloso ou o proxecto de rehabilitación da Ferrería de Bogo.

Para estes comicios presenta unha candidatura case idéntica a do 2019, pois Campos di que “a ilusión coa que traballamos sempre é para mellorar a vida dos veciños”.

PP. Concepción Novo Mourelle é a nova candidata do PP da Pontenova para recuperar a Alcaldía nas vindeiras eleccións

municipais. Novo, natural da Pontenova é técnica de raios de profesión e está vinculada á formación popular desde hai moitos anos.

Pola súa banda, Novo trasladou os seus agradecementos á dirección provincial do partido pola confianza e sinalou que “temos moita ilusión por ver mellorar o noso pobo e os servizos aos nosos veciños” e, nesa liña, “queremos ilusionar a máis xente. Queremos contar con todos e traballar desde o respecto e a responsabilidade”. Neste sentido, a candidata asume o cargo adiantando que “imos abrir o partido porque todos facemos falta” e aposta por desenvolver certos sectores como a industria e o comercio “nos que antes era referencia o noso concello”.

BNG. A asemblea local do BNG na Pontenova decidiu propoñer como cabeza de lista da candidatura para as eleccións municipais a Xorxe Gómez Rico, que rexenta un negocio de perruquería na localidade.

Xorxe Gómez, que foi segundo na lista nos anteriores comicios, concorrerá arroupado por

unha candidatura formada por xente moza, xente das parroquias e da vila, e cun programa no que se contemplan unha serie de medidas para darlle máis dinamismo e vitalidade ao concello facilitando o establecemento de empresas para contribuír ao desenvolvemento económico local e axudar á xente que quere emprender un negocio.



Darío Campos e Concepción Novo

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE	BNG	PP
1. Darío Campos Conde	1. Xorxe Gómez Rico	1. Concepción Novo Mourelle
2. Isabel Couto González	2. Carmen Otero Ruíz	2. Sonia Fernández Vidal
3. Francisco Martínez Bermúdez	3. Marina Fátima Fernández López	3. Eleuterio Labandera Rodríguez
4. Manuel Alonso Lopez	4. Jorge Macía González	4. Carmen Carbo Fernández
5. Francisco Javier Rois Freijo	5. Tania Pardo Santos	5. Mónica Uria Suárez
6. Jesus Cabodevila Fernandez	6. Borja Rodríguez Aguirre	6. Raúl Vigil García
7. María José Canto Seijo	7. Pablo Méndez Díaz	7. Pablo Cabana Novo
8. Ana Belén Quintela López	8. José Luís Gutiérrez Rivas	8. Abel Enríquez Alonso
9. José María Fernández Navais	9. José Antonio González Rego	9. José María García Fernández
10. Eliseo Villarino Méndez	10. Manuel Rodríguez Ménde	10. Concepción García Rodil
11. Justo Maseda Fernández	11. José Pedro Reigada Peña	11. Antonio Ginzo Bouza
Suplentes:	Suplentes:	
1. José Ramón Uria Alonso	1. Antonio Díaz Lombardía	
2. David García Miranda		
3. Carlos Traviesas Sampedro		

10-13 MAIO 2023 | BURELA

EXPOMAR

EXPOSICIÓNS | VISITAS A EMBARCACIÓNS | DOCUMENTAIS | GASTRONOMÍA

XIX FEIRA MONOGRÁFICA NÁUTICO-PESQUEIRA

XXX XORNADAS TÉCNICAS
XXIV ENCONTRO EMPRESARIAL

Organiza:

FUNDACIÓN EXPOMAR

CONCELLO DE BURELA

BENVIDOS A EXPOMAR

BENVIDOS A BURELA

Mondoñedo, unha incógnita

A cidade episcopal está en constante alternancia nos comicios electorais da última década, polo que para estas eleccións a cor de mando podería mudar e máis trala marcha de Elena Candia para a capital da provincia

As esquerdas mindonienses de PSOE e BNG esperan volver a ter o suficiente apoio nas urnas para xuntar forzas e arrebatarlle a Alcaldía á candidatura popular. Así, os socialistas presentan unha candidatura con moita experiencia na política municipal e con ganas de traballar polo futuro do concello, a de Esperanza González. O

BNG volve confiar en Eloi Cabanas, actual voceiro municipal, para seguir co modelo nacionalista que tan bos resultados está acadando na comarca. Pola contra, os populares presentan ao actual rexedor, Manuel Otero, que enfila a carreira electoral coa experiencia do tempo que leva á fronte do Concello, dende a renuncia de Elena Candia.

PP. O actual alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, será o candidato do Partido Popular que se prepara para a carreira electoral coa experiencia do tempo que leva á fronte do Concello, dende a renuncia de Elena Candia, e coa acumulada durante os anos que desempeñou á tenencia de alcaldía. Otero Legide di que é unha lista de xente con experiencia, continuísta, deseñada para avanzar rápido e seguro na execución do proxecto do PP para Mondoñedo e para empezar a traballar dende o primeiro día.

Para Otero Legide é prioritario seguir avanzando na mellora e ampliación dos servizos sociais, así como completar as realizacións no ámbito da ordenación urbana, en xeral, e en especial do casco histórico. Nesta liña, a rehabilitación de inmobles é unha parte fundamental. Lembra que nestes anos pasados foi aprobado o PXOM e que será de gran importancia a aprobación do plan especial do casco histórico. Destaca a relevancia de conseguir no seu momento a declaración de Área de Re-

habilitación Integral e o Plan Rexurbe. Otero pon de relevo a importancia que o PP dá a zona rural. “Para nós está no centro das nosas políticas; sempre foi unha prioridade; queda demostrado no traballo que levamos feito na mellora das estradas municipais”

Outra faceta de gran relevancia, segundo indica o alcalde e candidato a repetir no cargo, é a promoción turística de Mondoñedo, do seu patrimonio; trátase -di- de seguir avanzando na liña que se veu seguindo dende que o PP asumiu a Alcaldía con Elena Candia. Do mesmo modo que no impulso ao asentamento de empresas e a xestión da mellora das infraestruturas que, sen ser de titularidade municipal, dan servizo a Mondoñedo.

PSOE. Esperanza González Martín repite como candidata socialista e “acompañame un grupo de veciños con gran experiencia na política municipal e con capacidade para xestionar o Concello”, na que se inclúen “novas incorporacións con xente moza da nosa cidade que ten

ganas de sumarse a este proxecto progresista”.

“Como socialista e veciña do Barrio dos Muíños para min é un auténtico privilexio encabezar a candidatura socialista de Mondoñedo, porque creo sinceramente que dende a política local poden cambiarse moitas cousas, pero contando sempre coa colaboración da veciñanza e unindo esforzos entre todos”, remarcou Esperanza González.

A candidata avanzou que “Mondoñedo precisa centrarse en priorizar a creación de emprego, promover a actividade agrícola, gandeira e empresarial, impulsar o comercio local, dinamizar o tecido asociativo, fomentar o turismo e sobre todo políticas activas para atraer e fixar poboación no noso Concello”.

“O noso Concello non pode gobernarse desde Lugo, a veciñanza ten dereito a ter un futuro digno, cun goberno de homes e mulleres que resolvan os problemas das nosas parroquias e dos nosos veciños. E favorecendo sempre a equidade en tódolos recunchos do noso pobo, sen favoritismos” dixo González.



Esperanza González, Eloi Cabanas e Manuel Otero

BNG. Os nacionalistas mindonienses presentaron a candidatura completa coa que concorrerá ás vindeiras eleccións. Esta estará encabezada polo actual portavoz municipal no concello de Mondoñedo, Eloi Cabanas Ramos, que declara que o novo proxecto co que se presenta a formación nacionalista a estas eleccións “combina a experiencia e a solvencia dos que xa formaron parte da corporación en anos anteriores e a ilusión e o compromiso

de traballo das novas incorporacións”.

O BNG concorre aos comicios coa aspiración de ser unha forza determinante no concello co obxectivo de demostrar que é posible outra forma de gobernar para mellorar a vida da veciñanza. Cabanas, declara que se presentan a estas eleccións con moita ilusión, responsabilidade e co aval do traballo realizado nestes anos desde a oposición, poñendo derriba da mesa propostas que evidencian a necesidade de que o BNG estea no concello con forza para liderar un goberno capaz de desenvolver, todas esas iniciativas que lograron aprobar no concello e que o goberno popular non quixo sacar a diante.

“Esta lista demostra que hai alternativa, queremos liderar un goberno con xente capaz, con gañas e novas ideas para desbotar o conformismo e mudar a realidade cotiá dos veciños”.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. Esperanza González Martín
2. Francisco Domenech Fanego
3. Modesto Díaz García
4. José Manuel Barreira García
5. Natividad Magdalena Domenech
6. Pablo García Otero
7. Alejandro Barreira González
8. Alexandra López Rodríguez
9. Miguel Chao Míguez
10. María Luisa Marcos Prieto
11. María Concepción Becerra Bouso

Suplentes:

1. Fernando Anello López

BNG

1. Eloi Cabanas Ramos
2. Josefa Carballera Díaz
3. María Elena Freire Castro
4. André Outeiro García
5. Clara Vila Vázquez
6. Manuel Anllo Centeno
7. José Chao Vega
8. María del Carmen Maseda Díaz
9. Pablo Rodríguez García
10. Ana Isabel Barreira Botana
11. Manuel Orlando González Cruz

Suplentes:

1. Feliciano Berdeal-González
2. Beatriz Villarino González

PP

1. Manuel Ángel Otero Legide
2. María Ángeles Rodríguez Rico
3. José Otero Rejes
4. Manuel Tapia Rivera
5. María Patricia Otero Doural
6. Alberto García Fernández
7. Armando José González Barreira
8. María del Pilar Díaz Fernández
9. Miguel Ángel Arias García
10. Ana Mel López
11. María Milagros Martínez Rivas

Suplentes:

1. José Ramón Díaz Barreira
2. María Gervasia Cabanas Eiras
3. María Amparo Anello Gil
4. Luis Otero Pena
5. Luciano Folgueiro Lorigados
6. Pablo Redondas Losada
7. María del Carmen Cillero Méndez



Na busca da reelección

García Bermúdez quere manter a maioría absoluta conseguida nas últimas eleccións e o Bloque Nacionalista Galego non presentou lista

Os socialistas seguen apostando pola actual rexedora, Mayra García, a que foi a alcaldesa máis nova da provincia lucense con 26 anos, para manter os sete concelleiros conseguidos no 2019, dous máis que durante o mandato anterior. García Bermúdez ten un proxecto ambicioso, de moito traballo e xestión que comezou no

2015. O PP preséntase cun novo candidato, o gandeiro José María Fernández Vázquez, que ten moi claro as súas prioridades se chega ao fronte do municipio e quen di que traballará “con humildade e coa decisión de servir con eficiencia”. Pola contra, o Bloque Nacionalista Galego non presenta candidatos para este concello.



Mayra García Bermúdez e a candidatura do Partido Popular



PSOE. Mayra García Bermúdez volve ser a candidata á Alcaldía. É a actual alcaldesa e opta á reelección “para dar continuidade ao proxecto que comezamos no ano 2015, un proxecto ambicioso, de moito traballo e xestión para lograr importantes investimentos que se traducen en mellorar a calidade de vida dos veciños e das veciñas de Trabada”.

“Conseguimos investimentos moi importantes grazas ás xestións que realicei persoalmente para conseguir subvencións, con obras en todas as parroquias, no centro urbano e na zona rural, levando e mellorando equipamentos, en definitiva facendo un pobo máis igualitario entre as diferentes parroquias, cuestión que cando gobernaba o Partido Popular non sucedía”, engade García Bermúdez. Exemplo diso son novos servizos

como a área de autocaravanas na Ría de Abres, o albergue de peregrinos en Sante ou o Centro Etnográfico Xosé Rocha en Trabada”, explica a alcaldesa.

“Impulsamos numerosas medidas sociais e de conciliación, o punto de atención á infancia e a residencia de maiores son un bo exemplo.

Temos proxectos iniciados que nos gustaría rematar, como son o centro social na Ría de Abres ou o auditorio en Trabada. Proxectos que xa obran nas dependencias municipais e para os que estamos á espera de obter financiación por parte da Xunta de Galicia, da mesma forma que financiaron proxectos similares noutros concellos galegos.

“Por iso, porque temos proxectos, porque temos ilusión e queremos seguir traballando para todas as parroquias, sin exclusións é polo que decido optar á reelección”, sinala a alcaldesa de Trabada.

“A candidatura será practicamente continuísta porque temos claro que o que funciona, non debemos cambialo. Somos un grupo de persoas traballadoras, comprometidas e próximas que entende a política como un medio de transformación da sociedade. A política determina o benestar ou a desgraza dun pobo e mira ao futuro máis que ao pasa-

do, incluso que o presente, por iso queremos seguir traballando por e para Trabada”, remata Mayra García Bermúdez.

PP. O Partido Popular participará nas próximas eleccións cunha lista na que o candidato á Alcaldía será José María Fernández, quen destaca a súa estreita vinculación co municipio e a súa condición de traballadores, así como a ilusión de todos por conseguir para este concello os investimentos que precisa.

José María Fernández sinala “a nosa candidatura está composta por un grupo de mulleres e homes con moita vinculación con Trabada. Son persoas humildes e traballadoras, que desexan cambiar a forma de gobernar, chegar á veciñanza e dar ao concello os investimentos que precisa”. O alcaldable popular di: “Os membros da candidatura do PP non temos outra aspiración que a de dar ao noso pobo o mellor, o que merece, e sacalo do estancamento no que está inmerso; queremos facer todo iso sen confrontación, sen propiciar a división entre a veciñanza e buscando sempre a proximidade”.

Os populares adquiren un compromiso moi claro “prometemos gobernar con humildade, e sempre moi cerca da cidadanía”.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PP

1. José María Fernández Vázquez
 2. Eliseo López Villar
 3. Juana María Rodríguez Maseda
 4. María Isabel García Sánchez
 5. Sonia Alonso Fernández
 6. Verónica Fernández Fiallega
 7. Diego Santomé Fernández
 8. Francisco Rodríguez Gasalla
 9. Ramón Gallo Díaz
- Suplentes:
1. Óscar Bermúdez López

PSOE

1. Mayra García Bermúdez
 2. Julia María Barcia Fernández
 3. Rubén García Freije
 4. Mari Carmen Amor Prieto
 5. Suevia Reimondo Gasalla
 6. Rosa María Pérez Prieto
 7. Pablo González Lastra
 8. Alba Yanes Fernández
 9. Guadalupe Rego Rodríguez
- Suplentes:
1. Milagros Gomez Fernández
 2. Alicia Yanes Maseda

19 - 20 e 21
Maio

A Santo
2023

Ven á romería!!!

Concello de Foz

Dous partidos por un destino

O alcalde socialista José Luis Pajón acadou nas anteriores eleccións a maioría absoluta ata reducir os edís da oposición a tan só un, o do Partido Popular

Só dous partidos volven optar nestes comicios á Alcaldía de Oroul. Repite na candidatura socialista a actual rexedor, José Luis Pajón. O outro candidato que opta ao bastón de

mando é o popular José Hermida Corbelle, empresario do sector agrario e forestal. Estes dous partidos presentan unhas listas moi similares ás das anteriores eleccións de 2015.

PSOE. O actual alcalde José Luis Pajón volve ser o candidato socialista para estas eleccións. “O primeiro e mais importante é que ao final da vindeira lexislatura a residencia de maiores estará en funcionamento, seguiremos mellorando os servizos, e seguiremos coa ampliación da rede de abastecemento de auga así como da mellora da mesma”, di Pajón.

Un dos obxectivos de Pajón é o de rehabilitar os antigos pisos dos mestres para dedicalos ao aluguer social, e poñer a disposición da Xunta terreos para a construción de vivendas. “Hai que intentar que Oroul volva a contar con colexio”, explica. Os maiores do municipio son un punto importante por iso seguirá mellorando a axuda a domicilio. Nesta liña, implementou un servizo de xeolocalización para emerxen-

cias pois “somos un concello moi grande e moi disperso no que vive moita xente maior”.

Outro dos seus obxectivos é seguir apostando pola Ruta Indiana e a súa posible ampliación, así como seguir fomentando o apoio a asociacións de veciños para actos e festas patronais, así como seguir coas axudas ás asociacións deportivas que hai no concello.

PP. O empresario José Hermida Corbelle é de novo o candidato do Partido Popular. O aspirante do PP deixou claro que asume o reto con toda responsabilidade e ilusión e co desexo de pilotar un goberno que saque a Oroul “do estancamento no que o meteu o actual equipo de goberno, do PSOE; é preciso traballar con eficacia para que este concello avance o necesario”.

O candidato di que entre os seus obxectivos está o de mellorar as infraestruturas viarias. Por un lado, “hai que levar a cabo un mantemento de calidade das estradas municipais, porque tal como se está facendo é de moi curta duración e os firmes están sempre cheos de fochancas”. Na mesma liña, apunta a posibilidade de abrir novas pistas forestais, dada a importancia que ten o sector forestal no concello. En canto a outro tipo de infraestruturas, Hermida sinala que “hai que avanzar en levar a traída de auga aos núcleos que aínda non teñen”.

Hermida destaca que “hai que dar impulso ao polígono industrial e xestionar facilidades para que se implanten nel empresas”. Entre as iniciativas que apunta Hermida, figura a rehabilitación dos antigos pisos dos mestres, co fin de de-



José Luis Pajón

dicalas a vivendas sociais. E destaca que para facer atractivo o municipio para as visitas turísticas “queda moito por facer”; cre que ten atractivos naturais máis que suficientes para despertar o interese dos turistas.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PP

1. José Hermida Corbelle
 2. Miguel Lopez Piñón
 3. Carlos Ríos López
 4. Eduardo Lamelas Cao
 5. Tamara Cobas Rubal
 6. José Manuel Lamelas Vázquez
 7. Enrique López Losada
- Suplentes:
1. Francisco Esmorís Sotelo
 2. Enrique Martínez Ocampo

PSOE

1. José Luis Pajón Camba
 2. Ana María Rico Pernas
 3. Víctor García Rodríguez
 4. José Ramon Cal García
 5. María Regina Peña Martínez
 6. Manuel Barro Iravedra
 7. Ramón Seijas Orol
- Suplentes:
1. María Carmen Seijas Lamelas
 2. Francisco Rodríguez Duarte

vegadeo

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. César Álvarez Fernández
 2. Pablo Fernández Abuin
 3. Rocio Garay Barcia
 4. Ana María De La Osa Castro
 5. Concepción Pérez Lamelas
 6. María Guadalupe García Miranda
 7. Carlos Iglesias Carbajales
 8. Adriana Iglesias Villanueva
 9. José Manuel García Carbajales
 10. Claudia Rodríguez Insua
 11. Ángel Enterríos Quintana
- Suplentes:
1. Pilar Baldonado Martínez
 2. Isabel Castaño Marques
 3. Arturo Alonso García

IU - MÁS PAÍS

1. Gerardo Álvarez Pastur
 2. Lucía Hevia González
 3. Mónica Amor Del Canto
 4. Aníbal Álvarez Hernández
 5. María Del Mar Pico García
 6. Pablo Montes Sedano
 7. Evelia Olga Muñiz Menéndez
 8. Ángel José Rivera Rojo
 9. Ana Isabel Carreto González
 10. Rogelia Fernández Braña
 11. Sofía Iglesias Castaño
- Suplentes:
1. Amador Fernández García

FAC

1. Virgilio López Rico
2. Juan Seijo Pérez
3. Asunción Arruñada González
4. María Luisa Colman Ruiz
5. Isaac Puga Díaz
6. Sonia Iglesias Ron
7. Pedro García Pérez
8. María Isabel Gómez García
9. María Rosario Rodríguez
10. José Antonio Rodríguez Lorenzo
11. Argentina Jiménez Suárez

PP

1. Armando Pérez Álvarez
 2. José Antonio Castro Álvarez
 3. Ana Belén Prieto López
 4. Oscar Rodríguez Villar
 5. Elena Alonso Pérez
 6. María Asuncion Ron Martínez
 7. Iván Álvarez González
 8. Andrés López Fernández
 9. Noelia García Vidal
 10. Alma María Lombardero
 11. José María Lastra Marques
- Suplentes:
1. Juana María Casteleiro Fernández
 2. Jairo Quintana García
 3. Gema Flórez López

Un concello vermello

Nesta ocasión catro partidos son os que se enfrontarán por conseguir o bastón de mando

Desde 1979 o partido que máis tempo gobernou foi o PSOE, e o actual alcalde, César Álvarez Fernández e socialista, volve presentarse. No relativo á oposición, desaparece Ciudadanos e volve ao panorama Izquierda Unida


PSOE. César Álvarez é o candidato do PSOE á Alcaldía para revivir o bastón de mando do concello asturiano. Leva gobernando desde 2015 con maioría absoluta. Álvarez tomou o relevo da popular Begoña Calleja, rexedora e que tras a súa derrota renunciou a súa acta de concelleira. A Álvarez acompañano na lista unha vez máis a topógrafa, Concepción Pérez; a administrativa Adriana Iglesias e o xubilado Carlos Iglesias, así como Ángel Enterríos, e Pablo Fernández.

PP. Armando Pérez encabezarán por primeira vez a lista local do PP veigueño, co dobre reto de lograr arrebatarse a Alcaldía ao PSOE e rearmar ao partido no concello pois atópase en mínimos históri-



César Álvarez

cos despois de gobernar en 2011 e pasar a ter tan só un concelleiro na oposición. Sen experiencia política previa, Pérez conta cun



profundo coñecemento da Administración local, xa que acaba de xubilarse tras trinta e sete anos de traballo nas oficinas municipais de Vegadeo.

FAC. Virgilio López Rico será o alcaldable por Foro Asturias de Concejos. Xa presentou ao seu equipo de “once persoas dispostas a traballar por e para Vegadeo”. Leva de número dous Juan Seijo Pérez e de número tres a Asunción Arruñada González. López Rico é funcionario retirado da Garda Civil.

IU. Volve ao panorama político Izquierda Unida representada no veciño Gerardo Álvarez Pastur, para intentar colarse con algún escano na oposición.

Tres son os partidos que aspiran á Alcaldía

A vila laurentina volve contar con tres candidaturas que optan á elección do rexedor ou rexedora local. A oposición está representada por PSOE e BNG que contan con caras novas para enfrontarse aos socialistas

A alcaldesa socialista Rocío López conta con maioría absoluta tras os comicios do 2019 nos que o BNG gañou un concelleiro. López reedita o seu cargo como cabeza de lista para volver revalidar o seu cetro vermello. A alcaldesa proseguirá así o seu labor pese a terse enfrontado a dificultades das diferentes crises. O PP pola contra,

que perdera un concelleiro e quedou con tres, presenta a Roberto Díaz como nova cara para recuperar a Alcaldía e senón seguir facendo o seu labor ao fronte da oposición. No relativo ao BNG, tamén hai unha nova cara, a de María Belén Fanego Barreira, que propón que a veciñanza lle trasmita as súas necesidades e inxerencias.



A candidatura socialista, Belén Fanego e Roberto Díaz

Adriano, e que foi concelleira na corporación laurentina entre os anos 1995 e 2003 preséntase a estas eleccións co convencemento de que o proxecto do BNG é necesario para o desen-

vvolvemento de Lourenzá para poder aplicar políticas municipais que saquen rendemento para todas a este gran potencial que ten Lourenzá e todo o Val.



PSOE. Rocío Lopez, a actual rexedora de Lourenzá e candidata socialista. Presentou a lista coa que encabeza “coa finalidade de revalidar a Alcaldía e seguir dirixindo un goberno que está ó servizo dos veciños”.

A alcaldesa referiuse a súa candidatura como “un equipo comprometido con Lourenzá, con ganas e ilusión”, ademais engadiu que teñen ideas e proxectos e agradeceu o apoio recibido para dar continuidade a moitos dos proxectos iniciados neste segundo mandato. Rocío López fixo balance de “moitos dos logros acadados nestes catro anos, como a construción do campo de herba artificial de Santa Cruz; a nave

multisusos de Ponte de Cuñas, que está a disposición de todas as asociacións, de mozos e de maiores para calquera actividade que queiran desenvolver; e tamén a gran intervención na mellora das infraestruturas municipais. Neste mandato a mellora das estradas foi un dos piares principais e leváronse a cabo actuacións en todas as parroquias”.

A candidatura do PSOE laurentino ao completo é Rocío López García, Javier Huertas Otero, Manuel Arango Ron, Mercedes Dengra Sixto, Mario Leitón Ramallal, Francisco Javier Suárez Vázquez, Sonia Gavino Reigosa, José Moirón Torrente, Bernard Henri Denereaz Sailen, Natalia Minhoto Goas, Miguel Castrillón Fernández, Berta Oliveros Yanes, Vanessa Vallines Dasilva e Guillermo Rilo Munín.

PP. Roberto Díaz, que encabezará a candidatura dos populares, asegura que “contamos cun equipo con ganas de traballar e con moita ilusión por sacar adiante proxectos realistas que temos en mente co obxectivo de recuperar o dinamismo”.

O alcaldable cre fundamental “recuperar certa actividade no municipio”. Para iso hai que apoiar as iniciativas empresariais e emprendedoras aproveitando que “moitos veciños, tamén de concellos limítrofes, fan as súas xestións en Lourenzá. Se hai emprego e o noso pobo resulta atractivo para vivir, conseguiremos incrementar a poboación”. Roberto Díaz aposta por fomentar o sector agrogandeiro -e, máis concretamente, a faba de Lourenzá amparada baixo unha IXP- e o forestal, que son “importantes fontes de riqueza no noso concello”. E potenciar o deporte “que é outro sinal de identidade de Lourenzá”.

BNG. O grupo nacionalista anunciou como cabeza de lista a Belén Fanego Barreira. A formación continúa traballando para levar a todos os concellos o proxecto BNG, un modelo de éxito, de bo traballo, de transformación e de cambio como se está a ver alí onde o BNG ten responsabilidades de goberno. Belén Fanego, traballadora do Sergas, da parroquia de San

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

- PSOE**
1. Rocío López García
 2. Javier Huertas Otero
 3. Manuel Arango Ron
 4. Mercedes Dengra Sixto
 5. Mario Leitón Ramallal
 6. Francisco Javier Suárez Vázquez
 7. Sonia Gavino Reigosa
 8. José Moirón Torrente
 9. Bernard Henri Denereaz Sailen
 10. Natalia Minhoto Goas
 11. Miguel Castrillón Fernández
- Suplentes:
1. Berta Oliveros Yanes
 2. Vanessa Vallines Dasilva
 3. Guillermo Rilo Munín.

- BNG**
1. Belén Fanego Barreira
 2. Francisco Xabier Trigo Maseda
 3. Aurea María Vázquez Abal
 4. Ángel Fernández Villalba
 5. Miguel Rodríguez Acebo
 6. María José Terrados Díaz
 7. Pedro Rodríguez Romero
 8. Ana María García Cuadrado
 9. Héctor Terrón Salvatierra
 10. Daniel Recalde López
 11. Concepción Ares Sanmartín
- Suplentes:
1. Martín Bouso Iglesias
 2. Ramón Valiña Rivas
 3. Yolanda Ramil Seivane
 4. César Docampo Fernández
 5. Pedro Barreira Salgado

- PP**
1. Roberto Díaz Expósito
 2. Sandra Gómez Maradona
 3. Remedios Gallo Fernández
 4. Eduardo Reigosa Braña
 5. Sonia Alfonso Villarino
 6. Miguel Ángel Lastra Lodos
 7. María José Sante García
 8. Luis Santamarina Portela
 9. Arantzazu Ethel Canoura Recalde
 10. Juan José Ledo Aramburo
 11. Mariano de la Torre Galindo
- Suplentes:
1. Antonio Rego Rey
 2. Francisco Javier Rodríguez Barrera

KIT FUSION
DOBLE BENEFICIO
Protección solar + Hidratación

SKEYNDOR
SCIENCE creates BEAUTY™

Dermoterapia
Centro de Estética

Foz
Cita Previa:
664 527 486

Instagram, Facebook, WhatsApp icons.

A cuarta maioría absoluta?

O Partido Popular de Clemente Iglesias quere revalidar o bastón de mando do concello do ferro para o que terá que enfrontarse a un veterano socialista, Víctor González, e unha moza nacionalista, Vanesa Gómez

Clemente Iglesias volve concorrer ás eleccións polo Partido Popular para intentar conseguir de novo unha maioría absoluta. Nesta ocasión tanto o BNG como o PSOE renovan candidatos que xa estaban incluídos nas listas dos anteriores comicios. Así, ao fronte do grupo socialista atópase Víctor

González, que conta con bagaxe e coñecemento da administración. Por outra banda, os nacionalistas presentan a Vanesa Gómez, que substitúe a Luís Fernández como cabeza de lista. Gómez está convencida da súa capacidade para gobernar e de ser a mellor alternativa aos populares.

PP. Clemente Iglesias González volverá a liderar a candidatura do Partido Popular de Riotorto co obxectivo de revalidar a maioría absoluta acadada anteriormente. Esta é a cuarta ocasión na que o actual rexedor popular encabeza a lista no seu municipio natal despois de que no 2011 xa gañara as eleccións, pero se vira relegado á oposición a falta de 3 votos para a maioría absoluta.

O candidato do PP á Alcaldía asegura que volve encabezar a lista de cara ás eleccións municipais do 28 de maio coas mesmas ganas de “satisfacer as demandas dos meus veciños e veciñas tratándoos a todos por igual”. Para os populares é prioritario “mellorar os servizos e a atención aos veciños”. Nese sentido, Iglesias explicou que o goberno local

desenvolveu distintos proxectos e ten outros previstos para mellorar os accesos a varios núcleos e tamén a rede de abastecemento e o saneamento. No seu breve repaso ás iniciativas do goberno do PP en Riotorto, Iglesias destacou a creación de novos servizos sociais -ademais do continuo reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) co obxectivo de atender a tódolos maiores que precisen atención nos seus domicilios- coa posta en marcha de dúas casas do maior e unha casa niño. Así mesmo, tamén están a traballar pola creación dunha residencia para a terceira idade. O popular tamén aposta por “ofrecer actividades para a dinamización social e cultural e, ao mesmo tempo, favorecer o asociacionismo” a través da convocatoria de axudas ás asociacións.

PSOE. Víctor González Leivas é o candidato socialista para acadar a Alcaldía de Riotorto. O secretario xeral do PSdeG na provincia, José Tomé Roca, destacou a “experiencia, compromiso e traxectoria en defensa dos veciños” do candidato, que foi concelleiro socialista durante 16 anos, e agradeceu o “traballo incansable e a implicación que demostrou José García Freije durante todos estes anos”, tanto no Goberno como na oposición.

Xunto á súa bagaxe como edil da Corporación na primeira época democrática, José Tomé subliñou que Víctor González “é un bo coñecedor das necesidades de Riotorto”, xa que foi un empresario recoñecido no sector forestal. Polo tanto, “conta co coñecemento, rigor e solvencia necesarios para gobernar o seu pobo, escoitar ós seus veciños e atender as súas necesidades”.

O candidato socialista remarcou precisamente que, si se presenta á Alcaldía, “é para poñer o Concello de Riotorto ao servizo da veciñanza, e non para ser unha cadea de favores para manterse no poder político”. “Non nos poden vender como un favor algo que é un dereito, como fai o PP de Riotorto”, incidiu.

González Leivas comprometeuse a traballar “para dinamizar o concello, impulsar o polígono industrial, reactivar o pequeno comercio, fomentar o turismo, axudar aos autónomos e aos pequenos produtores agrícolas e mellorar o sector forestal”. “En definitiva, quero un concello no que os cidadáns sexan os protagonistas da vida política de Riotorto, sen favoritismos. Traballando todos xuntos”, resumiu.

Víctor González Leivas, nado no Caboxo, San Pedro de Riotorto en 1947, participou activamente na vida política da localidade nos inicios da democracia, sendo concelleiro polo Partido Socialista durante catro mandatos. É militante histórico da provincia de Lugo, e traballou como empresario do sector forestal na empresa fami-



Víctor González, Vanesa Gómez e Clemente Iglesias

liar Hermanos González, onde chegou a ter 60 empregados.

BNG. Vanesa Gómez Lourido encabeza a lista do Bloque Nacionalista Galego. Xornalista, de Vilarquide, na parroquia de Galegos, será candidata á Alcaldía pola forza nacionalista, que se presenta como a principal alternativa ao goberno do Partido Popular. Activa no BNG local desde 2007, a candidata nacionalista, elixida pola asemblea local, agradeceu a confianza das compañeiras e compañeiros do BNG para continuar co traballo desenvolvido nestes anos e impulsar un cambio político en Riotorto.

“O BNG xa ten demostrado neste concello a capacidade para gobernar e transformar, ampliando os servizos para a veciñanza, levando a actividades ás parroquias, creando oportunidades de desenvolvemento económico e turístico arredor do ferro e dinamizando o comercio e a hostalería cos mercados estacionais”.

“Cremos nos recursos que ten o concello e na xente que vive aquí, por iso nestas últimas semanas estamos convidando a persoas das distintas parroquias a involucrarse neste proxecto e recuperar o tempo perdido para Riotorto cos gobernos do Partido Popular”.

“Clemente Iglesias e os concelleiros do PP manexaron neste mandato os maiores orzamentos das dúas últimas décadas, con ingresos extraordinarios pola contribución que pagamos en todas as casas e fondos do Plan Único da Deputación, e, sen embargo, non foron capaces de poñer en marcha ningún proxecto para o futuro”.

“Rematarán o mandato cun médico menos no centro de saúde, escondéndose para non ter que debater a cuestión nun pleno, e instalando en Riotorto unha planta de residuos que non querían en ningún outro concello do país e que a veciñanza de Aldurfe tivo que sacar das portas das súas casas”.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

BNG

1. Vanesa Gómez Lourido
 2. María Campo Fernández
 3. Luís Fernández Fernández
 4. Eloy Treitas Fojaca
 5. Agustín Iglesias Rodríguez
 6. Antía Villada Pillado
 7. Sandra Gómez López
 8. Jorge Cabodevila Logilde
 9. Federico Gutiérrez Estoa
- Suplentes:
1. María Luz Iglesias López
 2. Xoán Carlos Fernández Pereira
 3. Horacio Fiallega Lorigado

PP

1. Clemente Iglesias González
 2. José Luís Lourido López
 3. Manuel Rivas Bouza
 4. Manuel Pacio Iglesias
 5. José Luís Lorido Carballeira
 6. Olga Maseda García
 7. Iago Fiallega Salgado
 8. Andrés Seoane Pacio
 9. Alberto Ramallal Freire
- Suplentes:
1. Antonio García González
 2. José Cosme Gómez González
 3. Ricardo Veiga Logilde
 4. Manuel Pol Veiga
 5. María Josefa Portela Cancio

PSOE

1. Víctor González Leivas
2. Enrique Méndez González
3. Venancio Fernández Hernández
4. José Manuel Fernández Gómez
5. Josefa Fernández Rivas
6. Gabriel Fernández Dasribas
7. José Mon Alonso
8. Jesús José Moirón Alonso
9. María Azucena Veiga Basanta



Un concello Popular

O candidato popular, Jesús Novo, leva encadeadas varias maiorías absolutas, ao que aspira nestas eleccións de maio, malia a oposición socialista

Os populares levan gobernando o concello do Vicedo dende os comezos da democracia. O seu rexedor actual, José Jesús Novo Martínez, ocupa este lugar dende 2003, polo que é o rexedor máis lonxevo da comarca mariñá. Á fronte do Partido Socialista está a avogada María Pérez Santaballa, cun equi-

po “de xente que quere poñer ao Vicedo no mapa”. Ademais é coñecedora da cultura da vila pois medrou coa Asociación Os do 21. No BNG, que volve ao panorama político vicedense, presentan a Miguel Gómez Fraga, para conseguir algún concelleiro e o mellor resultado posible.

PP. Jesús Novo volverá a liderar a candidatura do Partido Popular nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio, aspirando a un novo mandato ao fronte da Alcaldía do Concello do Vicedo que ocupa desde 2001.

Desde a dirección provincial acentúan a figura de Novo como “unha aposta segura e de futuro para O Vicedo”. Ademais os populares resaltan que seguirán confiando polo candidato que “todos os veciños apoian” grazas aos servizos e as obras novas que se foron gañando no Vicedo durante os anos do seu mandato.

Neste sentido, o actual rexedor agradece a confianza amosada por parte da dirección provincial e os seus veciños e resalta “o meu compromiso e responsabilidade coa poboación do Vicedo para seguir xestionando novos proxectos que teñan un impacto positivo no municipio”. Novo, que ocupa a Alcaldía desde febreiro de 2001 despois de ser xa concelleiro en anteriores lexislaturas, destaca que o seu obxectivo é “continuar coa liña de traballo que seguimos nos últimos 22 anos e acometer medidas sempre en beneficio dos

intereses do Vicedo e en proximidade aos veciños para formar parte da solución dos seus problemas”.

PSOE. María Pérez Santaballa, avogada e ex concelleira socialista, é a candidata do PSdeG á Alcaldía do Vicedo nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio. A candidata agradeceu “o apoio e a confianza que depositaron en min tódolos meus compañeiros da Agrupación Socialista. Sei que temos un traballo duro por diante, pero estamos moi ilusionados, e temos todas as ganas, as forzas e o compromiso para sacalo adiante e traballar polo futuro dos nosos veciños e veciñas”.

A candidata avanzou que a lista que encabeza “está formada por un equipo de xente que queremos poñer ó Vicedo no mapa”. “Somos unha candidatura na que as mulleres somos as protagonistas, dun total de once, seis somos mulleres. Polo tanto, un equipo progresista, que quere priorizar políticas para a conciliación familiar e frear o alto índice de despoboamento. Hai que realizar medidas xa, e facer do Vicedo un lugar do que sen-

tirnos orgullosos, no que poder vivir e traballar”.

A candidata explicou que xa crearon diversos grupos de traballo para elaborar o programa electoral e implicar a tódolos colectivos e asociacións do municipio “para que teñan voz no futuro do Concello”.

BNG. O BNG presentou a Miguel Gómez Fraga como candidato á Alcaldía. Mantedor mecánico na factoría de Alcoa e tamén gandeiro, este vicedense de 31 anos, vinculado así mesmo ao mundo do motor a través de equipos de rally, lidera unha candidatura con ideas claras, con proxecto e vontade de sumar.

“Imos traballar coa máxima ambición e imos dar o mellor de nós. O noso obxectivo é obter o mellor resultado posible para levar adiante o noso proxecto municipal co que queremos liderar a mellora e o avance que desexamos para O Vicedo, para que teña un horizonte de futuro” manifestou Gómez Fraga, que engadiu tamén que “somos conscientes que no noso concello hai persoas que queren, coma nós, o mellor para O Vicedo”.



Jesús Vicedo e María Pérez



CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. María Pérez Santaballa
2. Verónica Canoura Paz
3. Fernando Pigueiras López
4. Lucía Prieto Fraga
5. Silvia Pigueiras Blanco
6. Rubén Rábade López
7. José Ramón García Varela
8. David Baltar Pita
9. Manuel Fernández Peláez

- Suplentes:
1. Juan Carlos González Trasancos
 2. Vicente César Parapar Carreja
 3. Luís Lozano Pedreira
 4. María Roberta Serantes Debén
 5. Olga Fraga Grandío

PP

1. Jesús Novo Martínez
2. María del Pilar Otero Ínsua
3. Modesto Riveira Fernández
4. José Ángel Canoura Iglesias
5. Balbino Trasancos González
6. José Dovale Liz
7. Alejandro Martínez Eiroá
8. Azucena Rolle Calvo
9. Jorge Baltar Martínez

- Suplentes:
1. Jonathan Fanego Fernández
 2. Azucena Gasalla Rego
 3. María Dolores Lamelas Quelle

BNG

1. Miguel Gómez Fraga
2. Adrián Piñón Domínguez
3. Xosé Penabade González
4. Susana Riveira Fernández
5. Jaime Baltar Infante
6. María Jesús Polo Pigueiras
7. Sandra Gómez Fraga
8. José Riveira Fernández
9. Néstor Rego Candamil

- Suplentes:
1. Silvino Oroza Cordido



A batalla pola Alcaldía

O Valadouro é o segundo concello con máis candidaturas para intentar darlle a volta á balanza política e cambiar o rumbo do municipio

O socialista Edmundo Maseda preséntase para conseguir outra vez o bastón de mando do concello valadourés e que lidera grazas ao seu socio de goberno do Bloque Nacionalista Galego, Edmundo Chao, quen tamén repite ao fronte dos nacionalistas como alcaldable. No relativo ao Partido

Popular, José Manuel Lamela repite tamén como candidato para recuperar a Alcaldía perdida na moción de censura do 2013. Udival seguirá con María José Fernández para manterse ou mellorar a posición no Concello. Aparece no panorama Partido Galego con Enrique Geadá.

PSOE. Edmundo Maseda volverá ser o alcaldable socialista no Valadouro. Maseda foi voceiro municipal no 2013 cando o anterior cabeza de lista, Jose Luis García Rubal, presentou a súa

dimisión. En xuño dese ano liderou unha moción de censura do seu partido, coa formación conservadora Udival e o BNG contra o ata daquela alcalde popular José Manuel Lamela,

que venceu, polo que se proclamou alcalde do Valadouro. Foi reelixido alcalde tras as eleccións municipais de 2015 e 2019.

Presentan unha candidatura continuísta, con varias incorporacións novas para avanzar no proxecto dos socialistas e “seguir gobernando para todos e cada un dos veciños do Valadouro”, destacou o alcalde.

PP. Un total de 19 persoas compoñen a candidatura coa que o Partido Popular concorre ás eleccións, e que lidera de novo José Manuel Lamela. Trátase dun equipo de persoas “comprometidas” e con perfís vinculados ás necesidades deste municipio mariñao que, nos últimos anos, “foi máis protagonista polos desencontros protagonizados polo goberno que pola xestión”.

Así de contundente o manifestaba o alcaldable popular, logo de agradecer aos seus compañeiros de lista “o esforzo por dar o paso para traballar e ser a alternativa ao desgobierno e á inestabilidade que tivemos nos últimos tempos”. Deste xeito, Lamela explicou que se trata dunha candidatura que “combina experiencia e renovación” ao incluír sete novas incorporacións para reforzar o proxecto popular no municipio.

A lista “non só foi deseñada para gañar; senón tamén para gobernar e dar a este concello a estabilidade governamental que tanto necesita”, di Lamela. De feito, engade, “creo firmemente que a única opción que representa un proxecto político serio, responsable e que traballe dende o rigor é a nosa formación”. E é que, segundo dixo, “votar ás forzas da esquerda tería como resultado seguir no estancamento e no bloqueio administrativo”.

Lamela fai esta valoración porque “xa vimos que os socialistas están gobernando en minoría, dado que nin eles mesmos se entenden e, incluso, se foron concelleiros”.



Eduardo Chao, Edmundo Maseda, e a candidatura do PP

BNG. O BNG vén de presentar a candidatura para a alcaldía de O Valadouro, candidatura con moitas e novas incorporacións co obxecto de liderar o goberno municipal para continuar avanzando no traballo iniciado desde a tenencia de alcaldía e desde as concellarías de cultura, obras e deporte, desde as que se situou ao concello como referencia en diversos ámbitos, coma no sector agrogandeiro ou nos eventos culturais e deportivos.

Así, o cabeza de lista e o actual tenente alcalde Eduardo Chao González a persoa designada pola asemblea local para aspirar á Alcaldía..

Chao, que levou ao BNG a formar parte do goberno local desde setembro do 2021 é veciño da parroquia de Santa Cruz e traballador na factoría de Alcoa.

Según declaracións do candidato “todo o traballo desenvolvido ata agora escoitando á veciñanza e atendendo as súas demandas vai dando os seus froitos e vai situando ao noso concello como referencia en moitos eidos. Somos conscientes que queda moito por facer e que todos e cada un dos veciños e veciñas son imprescindibles para esta labor ilusionante que temos por diante e da que queremos que participen para

conseguir o mellor para O Valadouro”.

O conxunto da candidatura formada por persoas das diferentes parroquias e da vila e que traballan tamén en diversos colectivos será presentada proximamente nun acto público.

UDIVAL. Os independentes do Valadouro, que contan cun concelleiro na corporación, volven a estar representados por María José Fernández Díaz. Así, A Unión Democrática Independiente do Valadouro preséntase con novas incorporacións na súa lista.

PARTIDO GALEGO. Enrique Geadá Arca, que é o secretario local da formación, será o alcaldable que buscará conseguir algún concelleiro.

Geadá presenta “unha candidatura electoral representativa e sobre todo que pretende introducir no concello unha nova forma de facer política útil, propoñendo solucións, bo entendemento e buscando a centralidade no Valadouro”.

“O primeiro punto a ter en conta será a aprobación dun novo PXOM, o segundo a problemática derivada do despoboamento do concello e o terceiro o desenvolvemento dun Plan de Viabilidade Económica”, dixo Geadá.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PP

1. José Manuel Lamela Piñeiro
2. Senén Castro Lorenzo
3. Lorena Díaz Pita
4. Ana Isabel Rubal Balseiro
5. Juan José García Pedreira
6. Edgar Cao López
7. Rocío Blanco Pliego
8. Ana María Pita Prieto
9. Alfonso Cabanas Fernández

Suplentes:

1. Ginés Cao Rivera
2. Juana Estrella García Parga
3. Justino Fernández Rolle
4. Zaira Fernández Vázquez
5. Uxía Ínsua Castro
6. Cesáreo Seara Balmayor
7. Teresa Galdo García
8. Rafael Castro Sifontes
9. Luis Campo Díaz
10. Jaime Fraga Expósito

PARTIDO GALEGO

1. Enrique José Geadá Arca
2. Evaristo Maseda Vizoso
3. Juan Luís Písón Villapol
4. Alejandra Goás López
5. José Val Rouco
6. Concepción Abad Nieto
7. Manuel Rey Puente
8. José Antonio Díaz Rodríguez
9. Miguel Ángel Geadá Arca

UDIVAL

1. María José Fernández Díaz
2. Noé Fernández Rolle
3. Pedro Paz González
4. José Alberto Legaspi Maseda
5. Ramiro Gómez Paz
6. María del Carmen Lorenzo Rego
7. María Josefina Fernández Reigosa
8. Macario Salvador Mate Tordable
9. Patricia García García

Suplentes:

1. Alejandra López-Leitón Peinó

BNG

1. Eduardo Chao González
2. Eliseo Teijeiro Orol
3. Rosa María Fernández Eijo
4. Beatriz Álvarez Sixto
5. Jorge José Vázquez Artiaga
6. Eva María Folgueira González
7. Pedro Rolle Chaves
8. Ruth Rodríguez Bermúdez
9. Emilio José Palmeiro Rodríguez

Suplentes:

1. Iván Lozano Iglesias
2. María del Mar Lorenzo González
3. Carlos Cornide Pumares
4. María Pilar Pardo Pérez
5. Xosé Luís Chao González
6. Salvador Lourido Carreiras

PSOE

1. Edmundo Maseda Maseda
2. María Xosé Barreira Goás
3. Alejandro Fernández Reigosa
4. Sara Val Vázquez
5. Adrián Rego Seijas
6. Esteban Arturo Prieto Ferreiro
7. María Pilar Vázquez Hermida
8. José Ramón Santiso Pérez
9. Luis Pernas Balseiro

Suplentes:

1. Servando García Balmayor
2. Alejandro Teijeiro Barreira



Relevos nos partidos opositores

O Bloque Nacionalista Galego desaparece do mapa político do Concello de Alfoz, que está gobernado en maioría polo socialista Jorge Val

Na terra da fortaleza do mariscal Pardo de Cela, os socialistas volven presentar ao actual rexedor, Jorge Val, para seguir gobernando con maioría absoluta, pois leva dous mandatos. Nunha ocasión, o fixo en coalición coa candidatura independente de VIA Alfoz e nesta última xa o fixo en solitario

con cinco concelleiros. Na oposición, Efigenia Maseda, toma o relevo de Xabier Pardiñas ao fronte de Veciños Independentes de Alfoz; e Juanjo Fraga, o do Partido Popular de Emilio Lousas. Este dous partidos intentarán conseguir máis concelleiros ou manter os seus postos opositores.



Jorge Val, Efigenia Maseda e Juan José Fraga

2018. Esta etapa, ademais do seu traballo no servizo postal de Correos, faina coñecedora, non só da veciñanza, senón tamén dos diferentes lugares do concello de Alfoz.

PP. O enxeñeiro agrícola Juanjo Fraga foi presentado como o novo candidato do PP de Alfoz para recuperar a Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. Fraga é coñecido pola súa faceta de empresario, propietario e administrador de varias empresas relacionadas co sector agrícola-gandeiro, das cales tres delas están afincadas en Alfoz. Desde a dirección provincial ratifican a decisión da xunta xestora local de apostar pola candidatura de Juanjo Fraga para conseguir o obxectivo de recuperar a Alcaldía de Alfoz nas eleccións de maio. Por

outra banda, os populares destacan que é un municipio no que “estivemos moito tempo gobernando, excepto nos últimos 8 anos, o que supuxo unha experiencia política nefasta con perda de poboación e servizos”.

Fraga traslada os seus agradecementos á dirección provincial pola oportunidade de ser o representante dos populares para traballar polos veciños e por Alfoz. “Quero facer unha radiografía da situación actual do concello para tratar todos os aspectos a mellorar”, di. O candidato encabeza a lista popular “con moita ilusión e compromiso” e co obxectivo de facer un proxecto de futuro para reconducir a xestión do concello que nos últimos anos perdeu moitos servizos ante a incompetencia do goberno local.



PSOE. O socialista Jorge Val volverá concorrer ás eleccións do día 28 de maio “ás que decidín volver a presentarme coa ilusión de seguir traballando polo benestar de todos os veciños e veciñas de Alfoz os vindeiros 4 anos”.

Os motivos de presentación son varios e “comeza pola petición de moita xente do pobo, de distintas ideas políticas que me animan a continuar pola forma de traballar, con transparencia, boa xestión e co trato próximo a todos sen diferenciar a ideoloxía de cada quen, mirando sempre polas necesidades de Alfoz”. En segundo lugar, di Val, “porque quero ver feitos proxectos que iniciamos neste tempo coma o Plan Básico de Urbanismo, O Centro de Interpretación de Pardo de Cela no noso Castelo, a mellora

das beirarrúas da Seara, poñer en marcha o Plan de Dinamización das Parroquias para que cada veciño e veciña se sinta orgulloso do seu entorno, etc. marcando un antes e despois”.

Nesta candidatura acompañano un equipo de mulleres e homes “comprometidos co seu pobo, que creen firmemente no potencial de Alfoz para seguir mellorando en todos os ámbitos, poñendo por diante sempre o benestar da veciñanza e avalado polo traballo realizado durante estes anos. Non hai case cambios na candidatura porque cando as cousas funcionan ben non é preciso cambialas”.

“Fixéronse distintas actividades culturais, educativas, deportivas, colaborando ao máximo coas asociacións e cos centros educativos de Alfoz. Continuamos e melloramos os programas de conciliación e de axudas aos estudantes, tanto coas becas de transporte como co servizo de información e tramitación de becas do Ministerio de Educación” dixo Val, “e en turismo, seguimos promocionando o noso concello e poñendo en valor o seu gran patrimonio”.

“Non esquecemos nunca aos nosos maiores, invertendo en servizos sociais para cubrir as súas necesidades e tamén en actividades

educativas coma o Programa Activamente ou deportivas para favorecer hábitos saudables”, engadiu.

VIA ALFOZ. A nova candidatura coa que os independentes presentaranse ás eleccións locais é a de Efigenia Maseda que relevo no cargo a Xabier Pardiñas, quen fora candidato en 2015 pola agrupación de electores Veciños Independentes de Alfoz e en 2019, xa con VIA Alfoz, a causa dunha incompatibilidade por motivos profesionais.

A candidatura de Maseda está formada por unha lista paritaria, composta por oito mulleres e oito homes, acollendo a persoas de varias xeracións desde os 78 ata os 27 anos. e “xunta tanto experiencia como xuventude, comparte continuidade e renovación e está composta, sobre todo, por xente que elixe mellorar Alfoz”, segundo indica. Nacida en Alfoz, no barrio de Vilaúde, da parroquia de Mor, Maseda é Licenciada en Filoloxía Clásica pola USC. Foi traballadora do Concello de Alfoz, exercendo, en diferentes etapas, como Educadora Familiar, Administrativa e Animadora Sociocultural. Ademais, xestionou por parte do concello a organización e coordinación do Mercado Medieval entre 2007 e 2009, evento co que continuou colaborando ata o ano

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PSOE

1. Jorge Val Díaz
 2. Ana Aránzazu Incera Ares
 3. Cándido Paleo Rejes
 4. Sonia Expósito Goás
 5. Alejandro Carballeira Pedreira
 6. Ana Belén Díaz González
 7. Justo Juan Maseda Paz
 8. María Luisa Goás Lorenzo
 9. Carlos Sanjurjo Lorenzo
- Suplentes:
1. Elías Pardeiro Cayón
 2. José Ramón Vizoso Goás
 3. Pedro Carreiras Vizoso
 4. José María Expósito Rodríguez
 5. Ramón Rubal Fernández
 6. César Marrube Novo

VIA ALFOZ

1. Efigenia Maseda Paz
 2. Eliseo Lorenzo García
 3. Judit Casabella Pardeiro
 4. Xabier Pardiñas Suárez
 5. Susana Díaz Gil
 6. María Fernanda Casabella
 7. Pedro Luís Fernández Expósito
 8. Iria Braña López
 9. José Luís Cascudo Cascudo
- Suplentes:
1. Carmen Dolores Geada Maseda
 2. María José Prado Fernández
 3. Yahel Rodríguez Rubal
 4. Francisco José Fernández Fraga
 5. Pablo José Maseda Rubal
 6. Borja Vizoso Cora
 7. Jordi Melián Pagés

PP

1. Juan José Fraga Paz
 2. Raquel Rouco Iglesias
 3. Nerea Pena Vigo
 4. Jessica García Fraga
 5. José Juan Lorenzo Rubal
 6. Andrea Fernández Rico
 7. Rubén Fraga Goás
 8. María Flor Pardo Rivera
 9. Marco Vázquez López
- Suplentes:
1. Iván Fernández Pernas
 2. Alberto Souto Franco
 3. Ana María Martínez Rego
 4. Fernando Rico Val
 5. Sandra Vizoso Cora
 6. Jesús Paz Pumares

RASCA Gaña DE ACISA!

MAIS DE 15.000 PREMIOS POR MERCAR EN RIBADEO DO 12 DE MAIO AO 23 DE XUÑO

BASES DA CAMPAÑA NA WEB WWW.ACISARIBADEO.ES E REDES DE ACISA RIBADEO

COLABORA ACISA RIBADEO XUNTA DE GALICIA

Repoñen as antigas fotografías do mural da rúa Julia Minguillón



O Concello acaba de repoñer as fotografías do mural da rúa Julia Minguillón, enfronte da Casa da Xuventude. O concelleiro de Turismo, Chema Linares, explica que se trata "dunha colección de fotografías en cuxa selección colaborou Xesús de Breogán e que foron feitas por Touche, aos que damos as grazas. Nelas podemos ver os diferentes estaleiros, como o de David del Riego, Santiago Pérez, Nécega, José Beltrán ou de R. López, na Espiñeira, de 1918. Des-

tacan tamén diversas fotografías de escolas unitarias, como a de Dona Rita en 1916, Don Andrés en 1917, Dona Aia en 1949, o Martínez Otero, entón Colexio Sagrado Corazón, de 1956, ou do Colexio do Pilar, de 1960, na que se pode ver ós mestres acompañados dos pícaros da escola. Tamén hai unha representación das distintas conserveiras, unha balea no Cu do Castro, mozos disfrutando da romaría do Bispo santo ou Siso rulando".

A adxudicación do contrato do SAF estará no próximo Pleno

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, informa que o último Pleno deste mandato, que se celebrará o xoves 18 de maio, incluírá a proposta para a adxudicación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de dependencia do Concello de Foz. Por outra parte, os servizos técnicos están a traballar na licitación do novo contrato da residencia de maiores e centro de día. Sobre o SAF, o rexedor municipal explica que "é un contrato comple-

to, cun prazo de duración de 3 anos e un de prórroga. A empresa proposta para a adxudicación ofertou o número máximo de horas recollidos no prego. Ademais a oferta inclúe uns servizos complementarios que consideramos fundamentais e que non existían como podoloxía, fisioterapia e perruquería". Cajoto destaca que "todo isto redundará no beneficio das persoas máis vulnerables, dos dependentes e das súas familias".

Volve o Céntimo solidario de Acia Foz CCA con AECC

Acia Foz CCA colaborará por sexto ano consecutivo coa delegación local da Asociación Española contra o Cancro. Desde Acia Foz CCA tamén queremos un ano máis colaborar e poñer o noso gran de area co Céntimo Solidario porque toda axuda é importante". O presidente de Acia Foz CCA anima "á clientela dos negocios focenses a participar nesta campaña. A xente respondeu ven os anos anteriores e agardamos que neste 2023 tamén o fagan".

delegación local da Asociación Española contra o Cancro. Desde Acia Foz CCA tamén queremos un ano máis colaborar e poñer o noso gran de area co Céntimo Solidario porque toda axuda é importante". O presidente de Acia Foz CCA anima "á clientela dos negocios focenses a participar nesta campaña. A xente respondeu ven os anos anteriores e agardamos que neste 2023 tamén o fagan".

A Romaría Bispo Santo comezará o 19 de maio cunha verbena

O venres 19 de maio, comeza na parroquia de San Martiño, no concello de Foz, a celebración da Romaría Popular en honra ao Bispo Santo pola noite cunha gran verbena a cargo dos grupos D'Canó e Fussion.

Na xornada do sábado 14, ás 13.30 horas oficiárase a misa que dará paso á sesión vermú onde o grupo Ritmo Joven que poñerá a nota musical. A continuación actuará pola romaría a Banda de Gaitas Dambara de



Burela.

Pola tarde, ás 17.00 horas, actuación infantil a cargo de Ce Orquestra Pantasma, e coa chegada da noite será a gran verbena a cargo dos grupos Ritmo Jove, DJ Litainer e Charleston. O domingo 15, volverá a misa solemne ás 13.30 horas. Ao finalizar os actos litúrxicos, sesión vermú a cargo dos grupos Fenix e Louband. Habrá polbo, xamón cocido e churrasco para degustar durante os tres días.

O II Certame de Teatro Aficionado será en xuño

O II Certame de Teatro Aficionado José Luis López Lorenzo – O Poto celebrárase os días 9, 10, 11 e 16, 17, 18 de xuño de 2023.

Os grupos interesados en participar poden presentar as súas solicitudes ata o día 7 de maio de 2023. no rexistro en formato dixital do Concello de Foz.

Todas as representacións serán preferentemente en galego aínda que os grupos que veñan de fora de Galicia poderán facelo en español ou noutro idioma.

Habrá premios para a mellor representación que consistirá nun



trofeo e xira polo concello de Foz, tamén a á segunda mellor levará un trofeo, e tamén á mellor dirección, o guión, actriz, actor e posta en escea.

O PP propón a humanización do eixo turístico de Foz

O PP propón a humanización do eixo turístico de Foz e o candidato á Alcaldía, Javier Castiñeira, lembra que cando o PP saíu do goberno local "deixou un proxecto para modernizar a praza Conde de Fontao". Castiñeira confirma que esa será unha das propostas de goberno que fará o PP, "porque entendemos que Foz non pode quedarse atrás e é moi importante focalizar neste eixo o futuro turístico da nosa localidade". Explica que "o turismo forma unha parte importante do PIB do concello e aí hai moitísimas oportunidades de negocio que o Concello debe liderar nos próximos catro anos".


o vicedo

A casa da cultura acollerá diversas actividades

A casa da cultura do Vicedo acollerá para este mes de maio diversas actividades. Así o mércores 10 de maio ás 17.00 horas haberá un espectáculo de animación á lectura a cargo de Pequedisco Moc Moc. Durante a fin de semana os coches do Rally da Mariña estarán no concello, en concreto o sábado 13. E o domingo 21 será a quenda do III Trail do Fuciño do porco.

PINCHOS. A veciñanza poderá desfurtar o venres 12 e sábado 13 de 20.00 a 23.00 horas da XIII Ruta de pinchos no chiringuito de Abrela e do restaurante Area Grande. As tapas teñen un prezo de 3 euros.

Alumnado do colexio traballa nun proxecto de innovación



O alumnado de 6º do colexio do Vicedo está a traballar coas guías didácticas do Cinedfest, nun proxecto de innovación que parte de Free Run Producciones, o Goberno de Canarias, e o Ministerio de Edu-

cación. Este proxecto ten como finalidade introducir a Linguaxe audiovisual na aula avaliando diferentes estándares de aprendizaxe expostos no currículo de Educación.

Os alfombristas bureleses animan a participar na creación floral

A Asociación Burela Floral informou que xa conta con tema para a creación da alfombra das festas patronais deste ano, que serán a primeira fin de semana de xuño. Esta alfombra “reflexará as diferentes nacionalidades que conviven conxuntamente en Burela”, di Martín Lestao, presidente da asociación, quen engadiu que cada tramo da estará formado por uns dez debuxos cada un con elementos alusivos a unha nacionalidade distinta”.

Tamén anunciaron que o día 15 de maio abrirase a carpa da praza do Concello para facer facer o picato de verde”, polo que anima á veciñanza a unirse a esta tarefa pois “sempre fai falla unha man”.



PREGOEIRO. O músico e docente Albano González Cancio será o pregoeiro das festas patronais de Burela 2023, segundo acordaron as Concellerías de Cultura e Festexos e a co-

misión organizadora.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, declarou “Albano é un músico e docente de Burela vinculado a actividades musicais do pobo desde hai moitísimo tempo, case desde que era un neno”. José Díaz explicou que “o pregón será o sábado 27 de maio ás oito da tarde no auditorio, onde esperamos a todos os veciños e veciñas para arroupar a Albano nese acto, que vai ser o pistoletazo de saída a unhas festas nas que, a pesar das dificultades que hai para a recadación, que está a custar aínda máis que o ano pasado e haberá que axustar cousas ao orzamento que haxa, imos manter o nivel musical e de atraccións para que a xente gozar e estea contenta”.

Convocado o concurso de carteis para a XXXVII Feira do Bonito

O concurso conta con dúas categorías, A, ata 14 anos, e B, maiores de 14 anos. O encabezamento do traballo será XXXVII Feira do Bonito, e deben aparecer tamén o lugar e data de celebración.

A técnica a empregar é libre, pero no caso de traballos que se presenten en soporte informático, deben acompañarse dun exem-

plar impreso. As medidas para os traballos son 15x20 cm para a categoría A, e 50x65 cm para a B. Os orixinais poden entregarse ata o día 30 de maio de 2023 no local social da Sociedade Cultural Ledicia situada no rúa do Ril número 4, de xeito persoal os luns entre as 21.00 e as 21.45 horas. Tamén poderase enviar por correo con-

tactando con algunha persoa da xunta directiva.

Premiarase un traballo por categoría, así o gañador da categoría A será para o programa de man, e o da categoría B para o cartel anunciador da Feira. Os premios consistirán en obsequios representativos da Feira e serán entregados o propio día da celebración.

Asuembra e o Concello organizan o un campamento musical

A Asociación Usuarios Escola de Música Burela e o Concello organizan o primeiro campamento musical Asuembu 2023. Esta cita será do 30 de xuño ao 2 de xullo.

Neste campamento o nexos constitúe o interese común dos rapaces por a música. Búscase formar aos participantes mentres se divirten, tocando en grupo, a través de xogos, obradoiros, e diversas actividades.

Nel contarán con especialidades de corda fretada, vento madeira e vento metal. Ademais haberá un gran concerto final o domingo 2 de xullo ás 20.30 horas na casa da cultura de Burela.

Para participar será necesario inscribirse antes do 1 de xuño cubrindo os documentos e mandandoos a asuembu@gmail.com.

Para calquer dúbida haberá que chamar ao teléfono 644 894 714.

A asociación Cultural O Picato convoca o seu concurso con motivo das Letras Galegas

Como cada ano a asociación Cultural O Picato convoca o seu concurso con motivo das Letras Galegas, este ano o homenaxeado é Francisco Fernández del Riego. haberá varias categorías, concurso de debuxo, de fotografía e de narración. A temática de todos eles será Galicia.

O prazo de presentación remata o 11 de maio ás 19.00 horas e haberá que presentar os traballos no Spar Express de Trabada ou mandalo por correo electrónico a asociacionculturalpicato@gmail.com.

Tódalas persoas participantes recibirán un agasallo e haberá pre-



mios para os dous mellores traballos de cada subcategoría. O día 17 de maio, día das Letras Galegas ás 18.00 horas haberá unha actuación de Alba de Vales e os seus Contos arredor da terra, sobre diferentes tradicións orais e tamén cantos populares acompañados dun pandeiro.

A casa da cultura acollerá unha mostra de libros antigos

A Delegación de Cultura e a comisión de festas organizan unha exposición de libros antigos dos festexos de Burela, todos anteriores ao ano 2000.

A mostra, que se poderá visitar na Casa da Cultura, será inaugurada o día do pregón das patronais, o sábado 27 de maio.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, dixo “xa tivemos acceso a bastantes libros, pero pedimos a veciños do pobo que teñan gardados algúns destes libros antigos que nos cedan, se é posible, os que nos falten para facer esta exposición o máis completa posible. Temos acceso a algúns libros mesmo dos anos 50 e 60, pero imos tentar



ter os máximos posibles porque é un pracer poder ver todo o que anunciaban entón, a forma de expresarse, as orquestras que soaban naquela época, os días de festas, ou porque foron cambiandooas épocas en que se celebraban”.

O 20 de maio celebrarase o XIII Encontro de Palilleiras

O 20 de maio celebrarase en Burela o XIII Encontro de Palilleiras, que organizan a asociación cultural e artesanal As Encaixeiras e o Concello. O alcalde, Alfredo Llano, explicou que “van participar, segundo dixo a presidenta, máis de 600 persoas, polo que vai ser moi numerosa, como en anos anteriores. E hai unha cuestión moi curiosa, que vai participar palillando unha señora que ten 105 anos. Isto é algo singu-

lar e rechamante e indica o importante que é este tipo de arte para moita xente”.

O rexedor contou que “vai haber exposicións, obradoiros e actos importantes e singulares na nave de redes. Queremos motivar a todo o mundo para que acuda ese día a visitar o que organizan As Encaixeiras e desde logo quedar sorprendido porque é algo moi agradable de ver e difícil de realizar”.

En maio e xuño haberá diferentes actividades para a veciñanza trabadense

O Concello de Trabada acolle para maio e xuño diferentes actividades para a veciñanza para o seu tempo de lecer. Así o vindeiro 20 de maio haberá unha actuación musical na casa da cultura ás 21.00 horas a cargo de Sons de Celeiro.

O sábado 27 de maio ás 21.00 horas poderase desfrutar da proxección de As Bestas, o filme dirixido por Rodrigo Sogroyen e protagonizado por Denis Ménochet e Luis Zahera. Está ambientado en Galicia e trata sobre a hostilidade entre veciños impulsada por un

conflicto dun proxecto de parques eólicos. Será na casa da cultura.

Xa o martes 30 de maio na capela de San Fernando de Valboa a partir das 12.00 horas será a quenda da Feira de San Fernando coa exposición de gando, xantar campestre e actuación musical do Cuarteto Illa Pancha.

En xuño, concretamente o sábado 3 ás 21.00 horas, tocará teatro a cargo de San Tirso del Eo e a súa obra Políticamente incorrecto. Será na casa da cultura.

O Campionato Galego de Billar a tres bandas xógase estes días en Viveiro



Viveiro acolle estes días o Campionato Galego de Billar a tres bandas-II Trofeo Cidade de Viveiro.

A competición, que se disputa no Colexio Vello de Celeiro, está organizada polo Viveiro Club de Billar e conta coa presenza dos mellores xogadores galegos na actualidade, incluído o líder do ranquin autonómico Samuel García Ballesteros, do Billar Errantes.

“Estamos moi felices de volver a acoller este Trofeo Cidade de Viveiro que reúne aos mellores xogadores de Galicia, unha cita dun deporte con moita tradición e seguimento que dende o Concello apoiamos e promovemos”, afirma a alcaldesa María Loureiro.

En total serán corenta os xogadores que loitarán polo triunfo nas diferentes fases previas ata chegar á final deste Autonómico, que se celebra o sábado día 13 ás 19:30 horas.

As partidas poden seguirse a través da canle de YouTube.

A humanización do Porto de Celeiro inclúe a pavimentación e renovación de servizos da rúa



O Goberno local presentou o Plan de Humanización do Porto de Celeiro, unha renovación integral que inclúe a pavimentación e renovación de servizos da rúa.

Trátase dun proxecto cun custe económico importante, que abarca unha zona moi ampla entre o tramo dende a praza do Náufrago ata a Casa do Gardapeiros, de aí que o goberno local intensificase os acordos de colaboración con outras administracións.

Finalmente será a Deputación a que asinará o convenio para levar a cabo esta rexeneración de toda a fronte marítima de Celeiro, cunha achega de 544.000 euros que se fará en dúas anualidades (2023 e 2024).

O 20% restante, uns 136.000 euros, serán aportados polo propio

Concello de Viveiro.

O proxecto contempla o movemento de terras e demolicións, a reposición da rede de saneamento, pluviais, abastecemento e alumado público, así como a canalización da electricidade, as telecomunicacións, a dotación de xardinería, mobiliario urbano e sinalización horizontal e vertical da vía.

“É unha obra imprescindible para mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas de Celeiro. Mantendo o espírito e a esencia mariñeira tan característica da zona, levaremos a cabo unha renovación integral dunha das áreas máis dinámicas do concello, renovando os seus servizos e cumprindo as demandas veciñais”, subliña a alcaldesa María Loureiro.

Celeiro Club do Mar e BNG piden un acordo para construír vestiarios en Lavandeiras

Celeiro Club do Mar e BNG reuníronse poñendo en común ideas e proxectos, así como faláron dos beneficios que terían as subvencións por concorrencia competitiva nas entidades deportivas locais. Demanda que sostivo Míriam Bermúdez no Pleno municipal e que non saiu adiante polos votos en contra de Por Viveiro e do PSOE.

“Despois dun ano, o acordo para a instalación de vestiarios no campo de Celeiro para ir dotando este cam-

po de instalacións para toda práctica deportiva, non vai poder producirse pola falta de compromiso da Xunta de Galicia, gobernada polo PP, e sen ninguén en Viveiro do Partido Popular coa suficiente capacidade resolutive nin co mínimo mando para que, simplemente, a Xunta cumpla coa súa propia palabra nun acordo que ía asinado a tres bandas: Xunta de Galicia, Concello de Viveiro e Área de Deportes da Deputación gobernada polo BNG”, di Bermúdez.

Percorridos para coñecer a importancia ecolóxica do Landro

O Concello anuncia o comezo do programa de visitas guiadas que terá lugar ao longo dos fins de semana de maio. A través dos percorridos polos distintos emprazamentos da contorna do Landro, darase a coñecer a importancia ecolóxica e cultural deste espazo de Importancia Comunitaria integrado na Rede Natura 2000.

En total son nove as xornadas con temáticas variadas pero un mesmo fío condutor. Deste xeito fanse complementarias.

As actividades teñen carácter gratuito pero é preciso a reserva previa no correo electrónico: viveirovisitas@gmail.com onde tamén se pode consultar calquera información adicional como a distancia e a dificultade dos itinerarios.

O sábado 13 o Paseo será polo Galdo e o día seguinte pola praia de Covas, mentres que o mércores 17, Día das Letras Galegas, percorrerá o Casco Histórico.

Pola súa banda, o día 20 os inscritos achegaranse ata o Porto de Celeiro e o 21 ata Trasviveiro.

Na derradeira fin de semana, a ruta será por Souto da Retorta o día 27 e polo Vía Crucis do Monte Castelo o 28.

Emily Sofía Castañeda forma parte do Consello de Infancia e Adolescencia de Unicef

A integrante do Grupo de Participación Adolescente de Viveiro, Emily Sofía Castañeda, foi nomeada vogal do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia de Unicef.

A constitución do consello tivo lugar na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago, nun acto organizado por Unicef e a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

“Estamos enormemente orgullosos non só desta elección, senón do traballo e do esforzo de todo o Grupo ao longo do ano. Parabéns a todos os seus integrantes por este importante recoñecemento”, engade a Concelleira de Benestar Social, Victoria Baamonde Gómez.

Emily Sofía Castañeda agradeceu a Unicef a oportunidade que se lle brinda a partir deste momento



como integrante deste órgano, ao tempo que subliña que “foi unha gran experiencia, na que puiden coñecer xente que tamén está interesada en dar voz ás mais novas e novos”. “Ademais o evento foi realmente moi bonito”, engade a viveirense.

Primeiras confirmación para o Festival Aturuxo de Bravos

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos comezou a debullar os grupos de música que estará na nova edición do festival que se celebrará os días 28 e 29 de xullo.

Así, contarán con Airiños da freba, un grupo de música tradicional galega inspirada en cuartetos, quintetos e pequenas orquestras da provincia dos anos 30, 40 e 50 que porán á xente a bailar.

Tamén confirmaron que o grupo lucense Arrhythmia estará no festival e serán os encargados este ano de subir os decibelios no festival a base de riffs e letras contundentes.

Confirmaron que Charanga Alxibeira será outro dos grupos que

se unen á festa, e co seu repertorio variado e divertido fará bailar aos asistentes, así como García Mc & Nación Quilombo, un referente do hip-hop galego e Nación Quilombo, co seu proxecto no que fusiona ritmos de África, América Latina e Asia co rap.

Mekanika Rolling Band tamén traerá ao festival a súa fusión de rock, ska, reggae e funk coa tradición musical galega.

O obxectivo do Festival Aturuxo de Oural é poñer en valor a cultura galega pois cada edición desta cita reúne a grupos e artistas de referencia no panorama musical tradicional.

Este festival adoita ter a entrada e a acampada gratuítas.

Presentaron en Xermade unha nova edición do proxecto Habita Rural

O alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, e o alcalde de Oural, José Luis Pajón, presentaron o proxecto #HabitaRural da ONG Ecos Do Sur, que pretende abordar a dobre problemática da exclusión social nas cidades e do abandono de zonas rurais que teñen un importante potencial produtivo, xerando unha solución conxunta.

Nesta fase do proxecto, iniciarán unha formación gratuítas en albanaría, carpintería e pintura, nos concellos de Xermade, Muras e Oural, co obxectivo de capacitar ás persoas. As persoas interesadas neste proxecto poden coñecelo na web www.habitarural.org ou poñerse en contacto coa organización no correo cooperativas@ecosdosur.org.

a pontenova

O Concello informou dos lugares e datas do punto limpo móbil

O Concello informou que o punto limpo móbil xa está en marcha e por iso comunicaron os lugares e datas. O punto limpo dispón de 8 bocas, unha por cada tipo de residuo perfectamente identificadas con nome e imaxe.

O obxectivo destas máquinas é contribuir a mellorar e ampliar a xestión dos residuos especiais de competencia municipal co fin de favorecer a súa axeitada recollida, clasificación e preparación para a reutilización, ao tempo que se evita a proliferación de puntos de vertedura incontrolada.

Esta nova dotación é un camiión equipado cun gancho multibasculante hidráulico e unha caixa que incorpora un módulo portacontedores para o depósito de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE), pilas, baterías e outros refugallo.

En maio o punto estará situado en Vilaboa na explanada da tenda de Manolo. En xuño na escola de Vilarmide, en xullo na parede nova de Xudán e en agosto no atrio da igrexa de Vilaoudriz.



FESTA DA TROITA. A Festa da Troita foi todo un éxito de participación. A cita comezou co pregón a cargo de José Luis Bruna Brotons, e despois de este acto puídoose desfrutar de actividades e bailes, así como do concurso de pesca o luns día 1.

O sábado 27 de maio será a Festa do Corpus en Vilaboa

O vindeiro sábado 27 de maio será a Festa do Corpus en Vilaboa, na Pontenova, na que haberá un xantar, misa e música.

A festa dará comezo ás 13.30 horas coa misa solemne que dará paso ao xantar ás 15.30 horas. Para asistir haberá que mercar os tiquets no San Briz, Casa Valiña ou Casa Ferreira de Vilaboa antes do 22 de maio. Os ne-

nos menores de 10 anos pagarán 15 euros e os adultos 20.

A organización lembra que haberá música pola tarde con Blanco e Negro.

ECO DAS MINAS. A asociación prepara para o 3 de xuño a súa VI Foliada. Previsiblemente será na praza dos Fornos durante todo o día.

o valadouro

A Asociación Cuiden maiores e coidadores impartirá tres programas no Valadouro

A Asociación Cuiden maiores e coidadores impartirá tres programas no Valadouro para familiares cuidadoras e para persoas maiores que viven sós. O programa realizarase unha tarde cada 15 días durante 2 horas e son totalmente gratuítos.

O primeiro programa *Coidarte*, está deseñado para brindar apoio e formación aos familiares cuidadores dos seus maiores. O programa consiste en ata 8 sesións que levarán a cabo unha tarde á semana durante unha hora e media. Durante estas sesións, as persoas cuidadoras recibirán información e ferramentas para mellorar os cuidados dos seus maiores, así como para mellorar o seu coidado e benestar e previr o esgotamento emocional e físico.

O segundo programa *Tardes de Lecer*, está dirixido para poider desconectar do labor diario de coidado aos maiores. Neste programa, as persoas cuidadoras poden conectarse con outras cuidadoras e compartir as súas experiencias e preocupacións, así como gozar de actividades de lecer e entretemento.

Por último, o terceiro programa *Soedade Cero*, está deseñado especificamente para persoas maiores que viven soas. Este programa ten como obxectivo evitar o illamento e a soidade.

Para anotarse nalgún destes programas será necesario poñerse en contacto cos Servizos Sociais do Concello do Valadouro ao número de teléfono 982 574 000 ou ao 644 032 222.

Xa comezaron os preparativos das tradicionais Festas do Oito

A comisión de festas de Ferreira do Valadouro xa comezou cos preparativos da tradicional festa de setembro, as Festas do Oito, as patronais municipais na honra da Nosa Señora. Así, polo momento comezaron a debullar algunhas das actuacións, e contarán xoves 7 de setembro coa actuación do Combo Dominicano e a discoteca móbil Conxuro, e o venres 8 será a quenda do grupo espectáculo Fusión e a presentación da orquestra Galilea.

CADRAMÓN. A parroquia do Cadramón acollerá as festas na honra de Santa Filomena o vindeiro 10 de xuño de 2023. Esta festa está organizada pola Asociación Veciñal Santa

Filomena do Cadramón en colaboración coa Comunidade de Montes Veciñais do Cadramón.

A festa comezará ás 12.30 horas coa misa na capela seguida da sesión vermú a cargo de AC Amado Lar e trío Zafiro.

Ás 14.30 horas será a quenda do xantar popular a base de empanada, churrasco de porco, chourizo, criollo, patacas, sobremesa, café e chupito, e todo elo por 25 euros. Xa pola tarde haberá un baile con Zafiro e o dúo Sonidos.

Para asistir ao xantar será necesario reservar antes do 6 de xuño chamando a 639 272 230, 646 825 113 e 680 766 568.

barreiros

O Concello prepara un obradoiro de teatro e performance

O Concello de Barreiros, en coordinación co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, desenvolverá un obradoiro de teatro e performance para a mocidade cos obxectivos de concienciar sobre a sustentabilidade da auga como un dereito humano fundamental e sensibilizar sobre a protección deste recurso.

A actividade, que está enfocada a rapaces e rapazas de 15 a 35 anos, dividirse en 3 sesións nas que se abordará a sensibilización de carácter ambiental. Haberá obradoiros de dramatización, teatro e performance e unha última sesión na que se creará unha acción artística de rúa final. Estas actividades serán dinamizadas por un/unha profesional das artes escénicas galegas.

Para anotarse á actividade será necesario completar o formulario antes do 17 de maio de 2023. No caso de ser necesario limitar o número de participantes, será por orde de inscrición e tendo preferencia a mocidade empadroada no Concello de Barreiros.

Conveniada a instalación dos xogos no parque de San Cosme

A alcaldesa e a deputada de Mocidade veñen de asinar un convenio que permite a finalización da adecuación dunha parcela municipal que se atopaba en estado de abandono a carón do colexio de San Cosme para convertela nunha zona de ocio e espaxamento xuvenil.

Nas vindeiras semanas poderían dar inicio as obras de humaniza-

ción do espazo para proceder a continuación á colocación dunha rede de escalada tridimensional de preto de 6 metros de altura e unha tiroliña de 30 metros de longo, cuxos espazos se dotarán de chan de caucho, e dunha nova marquesina que sirva de refuxio para as nenas e nenos. Ademais, inclúe a colocación de mesas e bancos nos distintos niveis do terreo.

Nova edición do Irmandamento cicloturista con Castrillón

O Club ciclista Barreiros e o Grupo Cicloturista de Castrillón organizan o XXIX Irmandamento cicloturista o vindeiro sábado 13 de maio.

A saída está preparada ás 7.00 horas do Café Bar Moderno de Barreiros e farán un percorrido de 138 quilómetros ata chegar a Castrillón.

Os que queiran apoiar aos participantes poderán facelo en autocar

desde Barreiros ás 9.00 horas por un prezo de 15 euros por persoa.

Acto seguido haberá un xantar de confraternización entre os participantes, e tamén farase unha parada en Pravia con guía e tour por Castrillón.

Para máis información haberá que chamar ao teléfono 615 092 115 e a inscrición é gratuítua.

O día 13 de maio será o Festival da Terceira Idade do Valadouro

O vindeiro sábado 13 de maio terá lugar o Festival da Terceira Idade do Concello do Valadouro, para todas aquelas persoas que teñan máis de 65 anos ou sexan pensionistas, e poderán ir acompañadas dos seus cónxuxes.

As persoas interesadas en participar en dito evento deberán inscribirse nas Oficinas Municipais antes do día 8 de maio en horario de 9.30 a 14.00 horas ou no teléfono 982 574 000.

Esta cita será Pavillón Polideportivo Municipal O Valadouro e haberá unha recepción e aperitivo amena-



dos polos acordeonistas da Mariña. Tamén contarán con xantar, sorteos e baile amenizado polo Montreal.

A planta de biorresiduos entrará en funcionamento o 1 de xuño

Tras culminar a obra da planta de biorresiduos, situada no polígono industrial de Cuiña, onde ocupa unha parcela de case 8.000 metros cadrados, esta instalación entrará en funcionamento o próximo 1 de xuño, data a partir da cal estará ao dispor dos 15 concellos que, a priori, utilizarán os seus servizos.

A planta acollerá todo o proceso de compostaxe e disporá de capacidade para tratar 3.000 toneladas anuais de materia orgánica, ademais de 1.600 toneladas de material estruturante, estimando unha produción de 1.500 toneladas de compost cuxo destino será fundamentalmente a agricultura e a xardinería, en substitución dos fertilizantes artificiais. Equipouse con novos e innovadores sistemas de depuración de augas e de aire, así como de control do nivel de ruído, e será autosuficiente.

Organizan un curso gratuito de socorrismo en espazos acuáticos

O Concello de Cervo organiza un curso gratuito de socorrismo en espazos acuáticos naturais con certificado de profesionalidade.

A data de inicio está programada para o 15 de maio, cunha duración de 4 meses e rematando o 11 de setembro. As inscricións pódense tramitar na Oficina de Emprego de Burela e hai un total de 15 prazas.

As clases impartiranse en horario de 16.00 a 21.00 horas de luns a venres. O curso está orientado a persoas e en situación de desemprego pero poderase cubrir ata un máximo de 30% de persoas en activo.

Para resolver calquera dúbida



ou obter máis información sobre o curso, pódese acudir ao Concello de Cervo ou ben chamar ao 982 557 777.

Convocada unha nova edición do XIII concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta

Convocado o XIII concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2023 no que os participantes poderán presentar un máximo de dúas fotografías, baseadas na temática xenérica do medio ambiente, inéditas e orixinais, sacadas en calquera lugar da Comunidade Autónoma de Galicia. Terán que ser imaxes de natureza viva, que sirvan de exemplo de conservación do medio.

Deberanse presentar en formato dixital (JPEG), en alta calidade, a unha resolución mínima de 2.048 px. sen limitación de tamaño en MB; a través do correo medioambiente@concellodecervo.com.

O prazo para presentar as imaxes remata o 23 de maio.

Hai tres premios establecidos. Un primeiro, un segundo, e o premio Top Cervo á mellor fotografía na que



se identifique claramente algunha localización do municipio.

O fallo do xurado, composto por tres membros competentes na materia, farase público o 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente.

O domingo 21 de maio será XXV Feira Nacional de Gando Cabalar de A Medela



A asociación equina A Medela de Xove organiza para o vindeiro domingo 21 de maio a XXV Feira Nacional de Gando Cabalar.

A apertura do recinto para a presentación dos participantes e as medicións dos cabalos será de 9.30 a 10.45 horas, e acto seguido darán comezo as probas de serrada -1.5 metros e chapeada -1.5 metros.

Xa pola tarde, a partir das 16.00 horas, continuarán co xogo de barrís e as probas de serrada +1.5 metros, ás 16.30 horas, chapeada +1.5 metros, ás 18.00 horas, galope cruzados +1.5 metros, ás 19.00 horas, e galope +1.5 metros, ás 19.30 horas. Os premios entregaranse ás 20.00 horas e sortearase un xato.

Para participar será necesaria a previa inscrición mediante Whatsapp do 13 ao 17 de maio no 658 032 019. Tamén haberá xantar a cargo de O Botiquín Casabella.

Volve o concurso de fotografía polo Día do Medio ambiente

A Concellería de Medio Ambiente convoca o II Concurso de Fotografía para celebrar o Día do Medio ambiente e baixo o lema, Cal é o teu espazo natural preferido de Xove?

Haberá tres categorías, infantil, ata 12 anos; xuvenil de 13 a 17 anos ambos inclusive; e adulto, a partir de 18 anos. A mellor fotografía de cada categoría levará un trofeo e todos os participantes levarán un obsequio institucional.

Os premios daranse a coñecer o 16 de xuño, a través da mesma páxina de Facebook do Concello de Xove,

así como na web www.xove.es.

O prazo de recepción dos traballos comeza remata o 31 de maio e as fotografías participantes serán publicadas, por categorías, na páxina de Facebook do Concello de Xove, onde a cidadanía poderá votar pola súa foto favorita ata o 1 de xuño.

Cada participante poderá presentar tan só unha fotografía e a organización do concurso adaptará as fotografías á capacidade da rede na que vai ser publicada.

Para participar as fotografías enviaranse por correo electrónico a medio.ambiente@xove.es.

Xove celebra o sábado 20 a Festa das Flores, fillas de María

Xove celebra o vindeiro sábado 20 de maio a Festa das Flores, fillas de María, que dará comezo xa pola mañá ás 10.00 horas cun mercado tradicional.

Máis tarde haberá pasacalles a cargo de AC Saiñas e a charanga NBA, así como unha demostración de oficios tradicionais. Xa ás 13.00 horas será a misa xunto coa ofrenda floral á virxe, e despois haberá unha sesión vermút co grupo Kalima 3.0.

Pola tarde, ás 17.00 horas, os pequenos poderán desfrutar de inchables, láser combat e unha actuación do mago Kiko Carolo. Tamén haberá un obradoiro de cerámica de 17.00 a 18.30 horas e un concerto de percusión africana de Paz and Thorsten.

Xa pola noite Kalima 3.0 porá a nota musical xunto coa discoteca móbil Conxuro.

O Concello aproba unha modificación do IBI

O Concello de Xove aproba unha modificación da ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles que foi aprobada no Pleno Ordinario.

O máis importante desta modificación é que terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles os suxeitos pasivos que ostenten a condición de persoas titulares de familia numerosa na data de devindicación do imposto, sempre que todos as persoas integrantes da dita unidade familiar estean empadroadas no Concello de Xove, o ben inmueble sexa de carácter residencial, sexa propiedade da persoa solicitante, constitúa a residencia habitual de todas as persoas integrantes da dita unidade familiar e o seu valor catastral non supere os 200.000 euros.

Esta modificación beneficia ás familias numerosas, supoñendo unha importante axuda económica ás mesmas, que verán rebaixados, deste xeito, os impostos que estaban pagando por este concepto.

Dita bonificación poderá ser aplicada con diferentes porcentaxes segundo a categoría de

familia numerosa. O 50% para categoría xeral e 90% para especial.

Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os bens inmobles de carácter residencial unifamiliar destinados ao uso de vivenda que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.

“Lóxicamente, esta é unha aposta por potenciar as enerxías renovables, animando deste xeito a que os veciños de Xove instalen paneis solares homologados nos seus domicilios, co fin de diminuir as emisións de gases, favorecendo un entorno máis limpo e saudable”, din dende o Concello. Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados polos veciños dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5 Kw por cada 100 m² de superficie construída. Estes requisitos non serán exixibles cando a superficie construída sexa inferior a 100 m².



Os xubilados cervences desfrutaron do seu día



O Concello de Cervo celebrou o pasado 1 de maio unha nova edición do Día do Xubilado, e que nesta ocasión chegou a súa trixésimo sétima edición.

Esta cita, que reuniu a 600 persoas, comezou cunha misa na igrexa parroquial de Lieriro cantada pola coral Terra Mar de San Cibrao que deu paso a outra dos Acordeonista da Mariña na casa da cultura. Máis tarde a veciñanza trasladouse á praza dos Campos onde puideron desfrutar dunha sesión vermú e dun magnífico xantar.

Todos os asistentes recibiron un agasallo conmemorativo de Sargadelos e ademais entregáronse os premios cos campionatos de tute e parchís.

Alfonso Villares, rexedor local, destacou a importancia deste día xa que "os maiores son un piar fundamental e unha referencia para todos. É unha cita para que estean unidos e que desfruten entre eles".

Pola súa banda Pilar Armada, concelleira de Servizos Sociais, engadiu que "a cita foi unha agradable xornada na que todos desfrutamos moito e despois destes anos sen poder facerse xa tiñamos moitas ganas de xuntarnos de novo".



lourenzá

Vilanova acollerá numerosas actividades polas Letras Galegas

Vilanova de Lourenzá acollerá numerosas actividades ata o día 17 deste mes para conmemorar o Día das Letras Galegas dedicado ao lauretino Francisco Fernández del Riego. Este programa de actos está organizado polo Concello e a Mesa Coordinadora Don Paco.

O mércores 10 inaugurarase unha exposición patrocinada pola Xunta de Galicia. O acto será no Museo de Arte Sacra ás 19.00 horas.

O día 11, xoves, ás 20.00 horas no salón de actos do Concello presentarase o libro Lume acceso, de Manuel Román Ramos e Xosé López González.

Para o venres 12 a partir das 10.00 horas está programado o Correlingua da Mariña, que se desenvolverá polas rúas de Vilanova.

E o 17, Día das Letras Galegas, haberá varias actividades: ás 11 da mañá na praza do Conde Santo terá lugar o acto institucional da Xunta de Galicia; ás



12.30 horas no Multiusos Ponte de Cuñas celebrarase unha sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega; e ás 15.00 horas empezará no Campo do Mosteiro unha comida homenaxe a Francisco Fernández del Riego e ás Letras Galegas. Ademais durante todo o día haberá actuacións musicais que correrán a cargo de grupos como a asociación Osorio Gutiérrez, a Banda de Música de Lourenzá, o coro Mestre Pacheco, Treixadura e Souto Xímaro.

A Anpa Juan Rey e o Concello organizan un campamento

A Anpa Juan Rey e o Concello de Lourenzá, en colaboración co Colexio Ceip Juan Rey e a Xunta de Galicia, organizan un campamento de verán para o período vacacional.

Está destinado a nenos de 3 a 12 anos e será dende as 9.00 ata as 14.00 horas. Ademais contará con servizo de madrugadores para todos os que o precisen.

Este campamento terá actividades como xogos, aventuras, talleres, xincanas ou saídas. Nos vindeiros días irán anunciando os prezos e o formulario de inscrición.



Lourenzá volverá acoller a III Feira do Cabalo

O domingo 29 de outubro o concello de Lourenzá acollerá a súa terceira cita equestre no recinto ferial de Vilanova de Lourenzá, a Feira do Cabalo.

Nesta cita poderase desfrutar de concursos como o Morfolóxico Ofi-

cial de Eguas PRG, Sementais PRG, poldros PRG, e morfo-funcional poldros CMG. Tamén do campionato de cabalo marchador galego de categoría serrada e chapeada. Para máis información haberá que consultar as súas redes.

ribadeo

Organizan campamentos urbanos de verán para mozos

As Concellarías de Igualdade, Ensino e Mocidade organizan actividades de verán para a rapazada. Trátase de campamentos urbanos, Aventura en Igualdade e o III Orienta Ribadeo.

Dende o Concello sinalan que “mantemos os campamentos urbanos durante o mes de xullo, Orienta Ribadeo no mes de setembro e como novidade recuperamos o campamento Aventura en Igualdade, dirixido a rapaces e rapazas que están cursando a ESO e que gozarán do 10 ao 14 de xullo de numerosas actividades de aventura e igualdade”.

As inscricións para as diferentes actividades programadas faranse na Casa da Xuventude. Para os campamentos urbanos que se desenvolverán no CEIP Gregorio Sanz o período de inscrición será do 4 ao 12 de maio. Estas actividades están dirixidas a nenos de 4 a 12 anos. Para Aventura en Igualdade, que terá lugar no Complexo Ce-



mar no municipio de Mondariz a preinscrición xa está pechada. E para o III Orienta Ribadeo a inscrición deberá facerse do 11 ao 18 de setembro. Esta actividade está dirixida ao público xeral.

Todas aquelas persoas que precisen máis información poden dirixirse nas oficinas da Casa da Xuventude ao teléfono 982 129 889 e ao do CIM 982 120 739.

O PP critica o “abandono do parque San Francisco”



A vicecoeira do grupo municipal popular de Ribadeo, Elena Sierra, denuncia a situación de total abandono do parque San Francisco por parte do goberno do BNG. Desde o grupo popular solicitan, unha vez máis, unha inversión para o arranxo e acondicionamento das zonas afectadas no parque. Esta actuación englobase dentro das petición que o grupo municipal solicitou ao goberno do BNG nos últimos catro anos a través de rogos nos plenos do concello.

Sierra explica que, “como non podía ser doutra maneira, fixéronnos caso omiso ás nosas peticións, pero o que é peor, fixeron caso omiso ás familias que levan alí aos seus fillos”. Ademais, engade: “parece que o

BNG vive en unha realidade paralela e están máis preocupados polas súas disputas internas que por xestionar día a día en Ribadeo. Descoñecen a realidade, en xeral do pobo, e en particular do parque San Francisco”. Neste sentido, a vicecoeira destaca que “un paseo polo parque é máis que suficiente para ver as condicións tan lamentables nas que se atopa o chan e equipamento. É unha vergoña que ao final as consecuencias páganas os nenos e as familias que fan uso do parque”. Por outra banda, Sierra resalta que “a este goberno cústalle moito escoitar aos veciños e investir, pero por desgraza como todos sabemos, non andamos moi sobrados de parques neste municipio”.

Aberto o prazo para solicitar catro postos na praza da abastos

O Concello abriu o prazo para solicitar catro postos na praza da abastos, que saen a concesión durante 30 anos. Acollerán actividades como florería, peixería, panadería ou alimentación xeral. A superficie destes espazos oscila entre os 13 e os 28 metros cadrados. E a forma de licitación será a de poxa á alza.

O concelleiro de Desenvolvemento local Vizoso Galdo explicou que “dentro da categoría de postos especiais entendemos aqueles que comercialicen produtos coma viños, licores, pastas, produtos gourmet, ecolóxicos e de proximidade, embutidos ou encurtidos. En peixería inclúe a venda de peixe e marisco fresco e conxelado e tamén mariscos cocidos. Dentro da categoría de florería entendemos a venda de flores secas e variedade de centros decorativos e ornamentais. E no tocante á panadería comprende a venda de produtos de pan e derivados da faría así como de pastelería e repostería”.

O VIII Ribadeo Indiano terá lugar do 7 ao 9 xullo



Presentado o cartel do VIII Ribadeo Indiano, que organizan o Concello e Acisa e que terá lugar do 7 ao 9 de xullo. O concelleiro de Turismo, Pablo Vizoso, contou que “levamos traballando nesta imaxe dende hai tempo coa intención de seguir espallando polo mundo adiante esta fabulosa cita, que se ten convertido nunha das referencias fundamentais do verán en Galicia e no resto do estado. Xa vamos pola oitava edición, que se desenvolverá do 7 ao 9 de xullo, e como é habitual as antevésperas e as vésperas arrincarán antes con propostas moi interesantes”.

mondoñedo

O certame Vilas en Flor outorgoulle tres flores á vila

O certame Vilas en Flor outorgoulle 3 flores a Mondoñedo polo interese do municipio no paisaxismo e o medio ambiente. Tamén foi valorable o mantemento dos magníficos cipreses do cemiterio.


Desde Vilas en Flor destacan o interese "deste concello polo paisaxismo e o medioambiente. A contorna da fonte monumental e a recuperación do recinto abovedado convertido en museo de pezas hidráulicas ou o proxecto para poñer en valor os restos das antigas instalacións de captación de auga nunha zona do antigo mosteiro".

"Valoramos o mantemento dos cipreses do cemiterio e a iniciativa de implantar dez novas variedades de roseiras enxertadas por alumnos da escola taller", engadiron.

Mira e anda organiza a décima Xuntanza de Clásicos

Mondoñedo acolle una nova edición da Xuntanza de Clásicos que chega a súa décima reunión. Esta cita será o sábado 17 de xuño previsiblemente na praza da Catedral aínda que a organización non deu máis información polo momento. A organización avanzou o programa que comezará ás 10.00 horas coa recepción e inscrición de vehículos para a comida e sorteos de agasallos. Xa ás 11.00 horas haberá uns pinchos e ás 12.00 comezará a ruta. Máis tarde será o xantar e ao finalizar a entrega de premios e agasallos.

Para anotarse haberá que chamar ao 629 808 751 ou 636 496 439. Esta organizado pola Asociación



de Clásicos Mindoniense Mira e anda en colaboración do Concello de Mondoñedo.

A Asociación Xoldra xa está a preparar a nova edición do BreaSon

A Asociación Xuvenil Xoldra de Mondoñedo ven de informar que xa están a preparar a nova edición do BreaSon, un festival que conta con música, oferta gastronómica, teatro e moitas actividades.

Polo momento tan só desvelaron as datas, o 3 e 4 de novembro, aínda que seguro que terán moitas novidades.



O ano pasado, os concertos principias foron na praza da Catedral de Mondoñedo e ademais todas as actuacións foron de balde.

O festival BreaSon naceu o ano pasado para conmemorar o 25 aniversario da Asociación Xoldra, un colectivo moi arraigado no tecido asociativo mindoniense e que sempre está a colaborar nas celebracións de actividades.

riotorto

Mariña Patrimonio organiza unha visita polo patrimonio

Mariña Patrimonio organiza para o sábado 13 de maio unha visita polo patrimonio de Riotorto. Está previsto achegarse á mina romana da Muxeira, ás igrexas de San Pedro e Santa Marta e á casa Moirón. Tralo xantar, visitarase o obradoiro dun ferreiro e a parroquia de Órrea.

Cómpre apuntarse enviando un correo electrónico a mr.patrimonio@gmail.com, indicando nomes, procedencia, teléfono de contacto, se teñen interese en facer uso do bus e se van participar no xantar.

O prezo será de 25 euros por persoa para cubrir o bus e o xantar. As persoas non socias asumirán un custo adicional de 10 euros.

vegadeo

A casa da cultura acolle neste mes varias obras de teatro

A casa da cultura de Vegadeo acolle o venres día 12, ás 18.00 horas *Recuerdos* de Adrián Conde, un fabuloso espectáculo de maxia e teatro sobre as emocións e a resiliencia. Nesta obra Marcelino converteuse nun experto coleccionista de recordos. Son os seus tesouros máis prezados, que garda, ordena, clasifica, coida, protexe... vive exclusivamente para iso, ancorado no seu pasado, encerrado na súa propia cabeza. Rememora unha e outra vez cada un daqueles bos momentos, aqueles instantes de alegría, de risa e felicidade. Iso converteulle nun personaxe singular, extravagante,

tenro e hurañou á vez.

O sábado 20 ás 12.00 horas chegará *Soy Cenizo* de Guayomini Producciones, na que Cenizo é un neno moi especial; non sabe por que pero exprésase a través de rimas imposibles e iso fai que os demais non lle entendan. Ademais, acaba de herdar a fábrica de caramelos do seu pai falecido e non sente moi feliz: el quere ser maquillador, ese é o seu soño.

Como sempre, salvo que se indique o contrario, todas as actividades son gratuítas. Máis información destas e outras actividades na páxina web da biblioteca.

alfoz

Xa hai data para a Festa dos Chóferes, que será en xullo

Alfoz volverá contar este verán cunha das súas principais citas, a Festa dos Chóferes. A cita terá lugar o 28, 29 e 30 de xullo e aínda que o programa de festas non está confirmado, noutras ocasións houbo un festival de música vocal, unha festa adicada á xuventude, e unha gran sardiñada.

O que si se sabe e que contará por suposto coa procesión dos coches polas parroquias do concello para asistir á misa solemne, trala que o párroco bendicirá os automóviles desprazados.



A Feira do Trece inclúe un espectáculo ecuestre

A Asociación de Veciños de San Sebastián de Carballido, no Concello de Alfoz, celebrará o vindeiro sábado 17 de xuño no Lugar do Trece esta tradicional feira onde os asistentes poden adquirir produtos da zona ademais de obxectos de artesanía, gozar coa sesión vermú, xantar un menú típico e deleitarse cun desfile de zocas.

A feira dará comezo coa apertura da feira de gando, maquinaria, artesanía, e produtos da zona. Acto seguido, ás 12.30 horas haberá unha batukada coa comparsa Os Fandangueiros, e xa ás 13.30 horas será a sesión vermú co Dúo Belinda e Conxuro Discomóvil. A continuación será o xantar cun menú típico.

Pola tarde haberá a entrega de premios da feira así como un sorteo de agasallos. Os trofeos para o concurso de gando son de para o lote máis numeroso de gando e cabalar, o mellor cabalo ou besta de montura, o mellor cabalo ou besta de tiro e a mellor vaca.



Ás 19.00 comezará un espectáculo de Duende Ecuestre, coa campiona de exhibición no campionato do mundo do cabalo pre sicab 2021, Sandra Borjas.

Xa pola noite será a cea e a verbena de novo co Dúo Belinda e Conxuro Discomóvil.

A asociación O Castelo convoca o certame das Letras Galegas

Desde a Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo de Alfoz convocan un ano máis o concurso co gallo das Letras Galegas e terá dúas modalidades, unha de narrativa e outra de debuxo.

As características das modalidades serán a lingua galega, de temática libre e os traballos de narrativa non deberán ocupar máis de 4 caras. Na de debuxo será nunha cartolina tamaño DIN A4.

Haberá catro categorías: A ata 5 anos, B de 6 a 8 anos, C de 9 a 11 anos, D de 12 a 16 anos (Serán

os anos cumpridos no 2022). Os premios serán para os mellores traballos de cada modalidade e categoría.

O prazo de presentación dos traballos rematará o día 19 de maio de 2023. Os participantes deberán cubrir unha folla de inscrición e entregar os traballos, xunto coa folla grampada na parte de atrás deste, na biblioteca da Casa da Cultura de Alfoz ou escaneados mediante o correo electrónico asociacion.ocastelo@gmail.com.

DEPORTES

O Celeiro Club del Mar quiere crear un equipo cadete

A directiva do Celeiro Club del Mar de fútbol informou de que teñen aberto a inscricións para novos xogadores. “queremos crear un equipo cadete, por iso animamos aos pequenos a que veñan xogar e probar”, di Martín, secretario do Celeiro Club Del Mar de fútbol.

De querer participar será necesario chamar a Martín ao teléfono 648 183 619 ou Álex 617 514 481.

O 14 de maio disputarase a III Copa de Tiro Olímpico Deputación en Viveiro

O 14 de maio disputarase en Viveiro a terceira edición Copa de Tiro Olímpico Deputación de Lugo, organizada polo Club de Tiro San Roque coa colaboración da área de Deportes.

A proba consistirá en tiradas de 125 platos e será unha proba puntuable para ascensos Fegato. As inscricións para participar na proba están abertas –a través de Whatsapp ao 616 933 646– ata o xoves 11 de maio.

Haberá premios económicos para os 4 primeiros clasificados, e despois premios en material deportivo para os 40 primeiros.

A organización estima que o torneo reunirá en Viveiro uns 60 participantes de Galiza e do Occidente asturiano.

O Club Clásicos Viveiro prepara unha nova edición do seu rally

O Club Clásicos Viveiro informou da nova edición do Rally Club Clásicos Viveiro que se celebrará o 20 de maio de 2023. Este ano o rally chega a súa cuarta edición e será puntuable para o campionato Talleres Km0 e o trofeo Talleres Tuille.

O campionato Km0 consta de tres rallies sen posibilidade de descartar ningún para optar aos seus premios, os mesmos son o II Rally Concello de Oourol xa disputado, o IV Rally Club Clásicos Viveiro e o II Rally Concello do Vicedo.

Tamén informaron de que o día 14 de maio abrirán as inscricións para a participación.

As Guerreiras Laranxas conseguen a súa sexta Copa da Raíña



O polideportivo Rey Felipe VI de Boadilla del Monte acolleu a final da Copa de S.M. a Raíña, no que as Guerreiras Laranxas impuxéronse 3-2 ao STV Roldán. Así o Burela FS proclamouse o equipo campión da Copa da Raíña por sexta vez, a quinta consecutiva.

Un Julio Delgado moi orgulloso do seu equipo, valora o encontro como “un partido moi serio” no que “fixeron maxia”.

O partido comezou moi igualado ata que un bo pase de Peque a Patricia fixo que as laranxas abrisen o marcador no minuto 6. Este gol serviu para tranquilizalas e forzar ocasións moi claras de gol.

Xa na segunda parte, un dis-

paro de Antía que rebotou en Patricia, convertiuse no 2-0. No minuto 14 o Roldán metuse no partido cun gol de Laura mediante un pase fallido desde o seu campo, e que Emily e Jozi non puideron evitar.

O 3-1 chegou cunha parede entre Peque e Irene que a exxogadora do Alcorcón materializou con moita calidade. Máis tarde Dani fixo un gol en propia porta o que subiu o marcador do Roldán 3-2.

José Miguel Monje, presidente do Comité Nacional de Fútbol Sala, e Rafa Louzan, presidente da Federación Galega, fixeron a entrega do trofeo de campiónas a Peque, capitana das burelás.

O 16 de setembro será a IX Media Maratón Ribadeo

O 16 de setembro terá lugar a IX Media Maratón Ribadeo-As Catedrais. O concelleiro de Deportes, Jorge Díaz, indicou que “comeza o prazo de inscrición dunha nova edición da Media Maratón que vai desde a praza do Concello ata As Catedrais e que será o 16 de setembro ás 17.00 horas. Os 100 primeiros inscritos, 5 euros; a partir dos 100 en diante ata o 17 de maio serán 6 euros; desde o 18 de maio ata o 25 de xullo, 7 euros; do 26 de xullo ao 15 de agosto, 8 euros; e desde o 16 de agosto ata o 12 de setembro, 9 euros. Para estas inscricións está aberto o portal championchip-norte.com”.

Para Díaz Freije “este é un percorrido idílico, dunha beleza única, que vai ao carón da senda da costa e que pasa por Rinlo e por



outros sitios moi bonitos de ver. Aparte é unha carreira que ten as súas peculiaridades e as súas connotacións. Animar a todos a que veñan participar porque van ser benvidos ao concello de Ribadeo”.

Foz e Burela serán o epicentro da carreira de atletismo 15k Banco Mediolanum

Foz e Burela volverán ser o epicentro no 11 de xuño da carreira de atletismo 15k Banco Mediolanum, e que se disputará entre ambos municipios veciños.

A saída darase o domingo 11 ás 11.00 desde a praia de Llas, onde a organización instalará unha carpa para o previo da carreira e a chegada no concello de Burela. A saída da proba de 5k será ás 11.15 minutos.

A organización poñerá ao servizo dos participantes varias liñas de autobuses desde Burela a Foz para acceder á saída antes e despois do inicio da proba con saída desde o Porto de Burela.

O primeiro autobús cara á saída antes da proba sairá desde o porto de Burela, na oficina de información turística ás 9.00 da mañá e o último



faro ás 10.00 da mañá. O primeiro autobús despois da carreira sairá (do mesmo lugar) ás 13.00 e o segundo e último autobús ás 13.30 horas. Recoméndase aos participantes acudir o máis pronto posible a coller o autobús, co fin de evitar posibles aglomeracións de última hora.

Para máis información será necesario consultar a súa web.

Vegadeo acolle un ano máis a súa carreira de obstáculos OCR

Vegadeo acolle un ano máis a súa carreira de obstáculos, OCR A Veiga, que será o vindeiro 17 de xuño ás 17.17 horas. Esta cita consta de 8 quilómetros e 30 obstáculos e leva por título ‘A OCR da auga. Galegos Vs Asturianos’.

Os runners terán a oportunidade de defender as súas cores e ondear a bandeira da súa terra na liña de meta. Para realizar a inscrición deberase realizar no apartado de inscricións da web oficial www.nortea.es.

O Campionato de Ciclismo Paralímpico volve a Viveiro

A Comisión Delegada da RFEC informou que Viveiro será sede do Campionato de España de Ciclismo Paralímpico en estrada 2023.

Así, a cidade do Landro acollerá do 19 ao 21 de maio o nacional 2023, un evento sinónimo de paixón ciclista no que os mellores especialistas nacionais, entre os que se atopan algúns dos mellores do mundo como Ricardo Ten, Sergio Garrote, Luís Miguel García-Marquina ou Eduardo Santos volverán expoñer todo o seu talento tanto nas probas contra o crono como en liña.

Doutra banda, o Palau Velò-



drom Lluís Puig de Valencia será o escenario no que se dispute do 9 ao 11 de xuño o Campionato de España de Ciclismo Adaptado en Pista 2023.

Charli, de Carabullo, dominou o XII Aberto de billarda de Flores

Por Daniel Rodríguez Saavedra da Asociación O Varal.

Foi a 12ª xornada da LNB NorLeste en Muimenta na que se celebrou o X Aberto A terra non se vende, e na que o equipo Carabullo de Ponte de Outeiro, como xa fixo con anterioridade, trasladou o seu aberto a campo de fútbol O Pichón, onde se deron cita 83 palanadores.

Semella que a choiva gusta da LNB. Mais unha volta agardou a que déramos rematado o aberto para facer acto de presenza, o que fixo a ledicia dos asistentes subliñadamente dos Troitas Bravas, que se manexaron comodamente e, aínda que non matematicamente, sentenciaron o campionato comandados por un sensacional Sachas que fixo pleno de puntos adornados con un soberbio varado..

De igual xeito o segundo e terceiro posto de equipos semellan ocupados por Carabullo e Billardeiros Musicais xa que Madia Leva, que está rematando a tempada con forza espertou algo tarde, e acadaron o segundo chazo so a un punto dos campións e por diante de Carabullo.

No plano individual a máis de Sa-

chas, destacaron Gundar con 24 puntos e Carlos Alvaríño con 23.

Xa na primeira carreira Charli, a zurda d'ouro dos Carabullo, foi quen de se proclamar matematicamente campión individual absoluto a falla da xornada de Remourelle.

En donas Cris de Castiñeiro, foi a mellor e fai podio por segunda vez na tempada, Geni de Billardeiros Musicais, foi segunda e Alba de Troitas Bravas, terceira. Esta categoría segue a ser dominada por Aroa, de Billardeiros Musicais, que é a virtual campioa da tempada.

Diego e Mateo, ambos de Madia Leva, e mais Alba ocuparon o podio infantil. E para non ser menos, nesta categoría xa temos tamén virtual campión, Mateo.

Rematamos a xornada ca entrega de fermosos agasallos artesanais e das árbores autóctonas con que os Carabullo adoitán agasallar.

A vindeira xornada xógase en Remourelle o 20 de maio e porá o peche a tempada. Como é costume, neste caso os grupos non se farán por sorteo puro senón que se irán formando segundo a clasificación xeral. O grupo dos primeiros clasificados será o derradeiro en xogar.

O Adamo Celtas de Foz feminino ascende a Primeira Autonómica



O Adamo Celtas de Foz feminino ascende a Primeira Autonómica tralo partido xogado onte, sábado 29 de abril, contra o Allariz Stop Alerta por 53-43.

O equipo de Pablo Castro puxo o broche de ouro a unha boa tem-

pada no que no partido de ida gañaron por un punto 46-47.

Este ascenso foi celebrado por toda unha multitude de afeccionados que desfrutou dun bo partido e vibrou cos últimos minutos de partido.



CLUB ALTRUÁN. Tres piragüistas do Club proclamáronse campioas de España. Trátase de Elena Justo (Muller Infantil PK3), Manuela Lastra (Muller Infantil B) e Elena González (Muller Infantil A).

Riotorto celebrará o seu primeiro trail



A localidade de Riotorto estreará unha ruta de trail este mes de maio. Co nome de I Trail Rutao dos Muíños celebrarase o día 27 de maio con tres probas diferenciadas.

Por unha banda, terá lugar unha andaina de 16,5 quilómetros, que arrancará ás 10.00 horas da praza das Rodrigas, onde tamén estará a meta. Esta andaina non terá fin competitivo pero será necesaria a inscrición.

Pola tarde terán lugar ás dúas probas deportivas. Ás 16.30 horas sairá a proba de enduro, de 20 quilómetros, nas categorías masculino e feminino a partir de 18 anos. 20 minutos despois sairá a proba do propio trail, tamén para homes e mulleres a partir da maioría de idade.

Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados da categoría trial e enduro.

A inscrición debe realizarse a través da páxina ccnorte.com.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com

DEPUTACIÓN

As proxeccións do ciclo Mestre Mateo terán lugar este ano en oito localidades

O Ciclo Mestre Mateo volve á provincia de Lugo e levará as proxeccións das longametraxes de ficción, animación e documentais finalistas dos premios do noso audiovisual aos concellos de Chantada, Vilalba, Foz, A Pobra do Brollón, Sarria, Fonsagrada, Becerreá e Meira, cun aumento de salas con respecto ao ano pasado. A colaboración entre a Academia Galega do Audiovisual e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo suma a Chantada, Vilalba, Foz, A Pobra do Brollón, Sarria, que xa acolleron con éxito o ciclo na súa primeira edición, proxeccións na Fonsagrada, Becerreá e Meira, que pasan a formar parte da rede de salas.

Os concellos participantes exhibirán entre maio e novembro unha programación que inclúe *María Casares, a muller que viviu mil vidas*, *Unicorn Wars* e *O corpo aberto*, recoñecidas respectivamente como Mellor documental, Mellor longametraxe de animación e Mellor longametraxe na última edición dos Mestre Mateo.

O resto de títulos do programa son o documental *A foreign song* (César Souto, 2022) gañadora dos premios á Mellor longametraxe española e Mellor dirección española no pasado Festival Internacional de Cine de Xixón; o thriller *Código Emperador* (Jorge Coira, 2022); o documental *No somos nada* (Javier Corcuera, 2022); o filme de animación *Valentina* (Chelo Loureiro, 2022), gañadora do Goya á mellor longametraxe de animación na XXXVI edición dos premios da Academia Española e o documental *Onde máis doe* (Manane Rodríguez, 2022).

Organizan un ciclo de música clásica para reivindicar o xénero

Monterroso acolleu o primeiro concerto do ciclo Música e Memes, un programa organizado para o estudiantado de Secundaria que percorrerá ata o 16 de maio seis concellos da provincia para dar a coñecer e achegar a música clásica aos mozos e mozas. Xunto a Monterroso, esta actividade celebrárase en Viveiro, Burela, A Fonsagrada, Becerreá e Vilalba.

Para a reivindicación deste xénero, esta iniciativa parte dunha rigorosa investigación semiótica que deriva na explicación do sentido musical a través de memes, unha linguaxe moi empregada polo público obxectivo

Abre o prazo para optar aos premios do turismo e a gastronomía



A Deputación de Lugo abriu a convocatoria e as bases da cuarta edición dos premios Lugo Cambia ao Turismo Lucense, ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense e Turismo Sostible. Desta forma, as candidaturas a estes recoñecementos á excelencia do turismo e da gastronomía da provincia poderán presentarse ata o día 31 de xullo, na sede electrónica da institución.

Poden presentarse persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das tres modalidades e que teñan repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica. As candidaturas poderán formularse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata.

Os galardóns, que serán entrega-

dos o 27 de setembro nun acto público coincidindo co Día Mundial do Turismo, teñen como finalidade apoiar, poñer en valor e dar visibilidade ao traballo e a calidade do sector turístico e hostaleiro da provincia de Lugo. Os galardóns teñen carácter honorífico, igual que nas anteriores edicións, e consistirán nun diploma acreditativo e un agasallo, que será unha peza de artesanía tradicional da provincia.

O xurado estará composto polos representantes do Consello Provincial de Turismo, que, nunha sesión extraordinaria, fallará tres premios nas categorías de Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, e un único premio no caso da categoría de Turismo Sostible. Na valoración das candidaturas terase en conta a aportación da iniciativa ao desenvolvemento turístico, a singularidade da proposta e a repercusión positiva sobre a imaxe da provincia.

Compromiso co rural para frear a caída demográfica



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o xornalista Manuel Campo Vidal, inaugurou a xornada *Reto Demográfico na provincia de Lugo*, organizada pola institución provincial para expoñer accións e debater propostas entre as administracións públicas e o sector privado, co obxectivo de buscar sinerxías e aportar solucións na loita contra o despoboamento. O congreso, que contou coa presenza de numerosos alcaldes e alcaldesas, reuniu a numeroso público.

José Tomé recalcou que se promoveu esta xornada, "proactiva, propositiva, na que se presentan accións concretas para fixar e recuperar poboación no rural".

A Deputación deu a coñecer as súas novas accións neste ámbito, "que empregan as novas tecnoloxías e que apostan por xerar sinerxías entre realidades aparentemente tan diversas como o medio ambiente, o turismo, o patrimonio cultural, a actividade empresarial ou o emprendemento", explicou José Tomé.

O presidente sinalou que o rural "precisa que as administracións garantan o acceso en plena igualdade

aos servizos públicos básicos de educación, sanidade, conciliación e atención á terceira idade. Sen servizos públicos, sen comunicacións, o rural non pode ter futuro". Argumentou Tomé Roca que o rural precisa un traballo conxunto das administracións, pois "as dimensións dos nosos concellos rurais impidenlles optimizar por si mesmos os recursos".

Así mesmo, o presidente considera imprescindible "convencer ás autoridades europeas da necesidade de habilitar mecanismos que incrementen o traslado de fondos comunitarios ás administracións locais. Fondos que poden xestionar con eficacia as Deputacións provinciais, como administración que favorece a cohesión social e o equilibrio territorial a través da cooperación cos concellos".

A Deputación presentou E para Vivir Lugo, un proxecto innovador financiado con fondos europeos que busca de solucións innovadoras que aproveiten os recursos endóxeos das zonas rurais para convertelos en oportunidades, e deste xeito contribuír a fixar e recuperar poboación, con especial atención nos de menos de 5.000 habitantes.

O Pleno reclamará á Xunta que garanta as prazas en residencias

A institución provincial aprobou no último pleno reclamar á Xunta que asuma as súas competencias e garanta prazas públicas en residencias para os maiores da provincia de Lugo grazas aos votos do PSdeG e do BNG. A voceira socialista do Goberno sinalou que na actualidade a institución provincial conta con 260 prazas en 9 centros, e outros 9 en marcha.

Galicia ten un déficit de 14.000 prazas en residencias de acordo cos parámetros establecidos pola OMS, que recomenda contar cun número de prazas equivalente ao 5% da

poboación de máis de 65 anos. Así mesmo, a Xunta dedica a Servizos Sociais un 8,5% do seu orzamento, 1.077 millóns de euros "un investimento que está moi por debaixo do da institución provincial que chega o 33%, 30M€", dixo García Porto.

No Pleno acordouse así mesmo a actualización do Inventario de Bens e Dereitos da Deputación de Lugo. Neste caso, e unha vez extinguida a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. (Suplusa), e non existindo entidades con personalidade xurídica propia, incorpórase a este docu-

mento o patrimonio de titularidade de Suplusa, así como os bens adquiridos durante o mandato.

O BNG tamén propiciou o acordo da corporación provincial para reclamar ao goberno do Estado a reparación integral do firme da estrada N-540, entre Lugo e Ourense. A proposta, aprobada por unanimidade, insta ao goberno central a actuar de forma urxente para darlle unha solución definitiva ao firme desta estrada, que deteriora os vehículos e prexudica á veciñanza e ao tecido económico das zonas polas que pasa.

MAR

“Tras catro anos da última feira, esta é a edición máis esperada”

José Manuel González, Brais, é o xerente da Fundación Expomar

Este ano celébrase a XIX Feira monográfica náutico-pesqueira que engloba as XXX Xornadas técnicas e o XXIV Encontro empresarial. Que novidades haberá no programa?

Este ano hai algunha novidade con respecto a edicións anteriores. Empezando polas datas de apertura e peche da Feira, pois este ano comeza un mércores e remata un Sábado cando antes comezaba un xoves e remataba en domingo. Este cambio débese a demandas dos expositores, con intención de facer unha feira máis profesional. Tamén aumentamos o espazo de exposición chegando os 5.000M2. Ademais das XXTT, e do Encontro empresarial este ano celebrárase igual que en 2019 unha reunión do Consello Galego presidido pola Conselleira do Mar Rosa Quinta, será o mércores 10 as 17.00 no salón de actos de Absa. Durante os días de celebración da Feira estarán atracados o porto de Burela dúas importantes embarcacións que farán xornada de portas abertas. O Buque de Salvamento da Sociedade de Salvamento Marítimo Sar Gavia, de 40 metros de eslora e a Patrulleira da Garda Civil Río Luna de 35 metros de eslora e construída recentemente no estaleiro burelés de Armón. O venres 12 de maio as 17.00, no salón de actos da Confraría de Pescadores presentárase o documental *Morabeza* un documental que conta a historia de dous pobos, o Caboverdiano e o Burelao, capaces de deixar de lado as súas diferenzas como individuos para a través do traballo duro do

mar manter a súas familias. *Morabenza* esta dirixida polo burelao David Món premiado recentemente con un premio Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual. Exa por último o sábado 13 de maio no acto de Clausura farase un recoñecemento público a Confraría de Pescadores de Burela con motivo do seu 100 Aniversario.

De que tratarán este ano as Xornadas técnicas?

As Xornadas dividímolos en dous bloques. Un que tratara temas de Xestión Pesqueira e que se celebrara o xoves 11 de maio as 17.00 horas no salón de actos da Confraría onde se abordara dende a nova lei de Pesca, as estratexias globais de pesca, a política pesqueira Europea ou a Eólica Mariña. Nesta xornada participarán representantes da SGP, Javier Garat Secretario Xeral de Cepesca, Daniel Voces de Europeche, Jacopo Pasquero Asesor de Asuntos internacionais EBCD e a Catedrática de Dereito Administrativo da UdC. O venres 12 de maio as 10.30 tamén no salón de actos da Confraría será unha xornada de socio economía, onde se analizarán temas como as novidades na protección social dos traballadores do Mar, o impacto sociolaboral da pesca, o entorno socioeconómico e a reputación do sector primario ou os beneficios do consumo do peixe para a nosa saúde. Participarán nesta xornada o director xeral de pesca, acuicultura e innovación tecnolóxica da Consellería do Mar, Antonio Basanta que fará de moderador; a directora do Instituto Social da Mariña, Elena Martínez,

o representante de Pesca en Europa de CCOO, Juan M. Trujillo e Federico Mallo Catedrático, de Endocrinoloxía da Universidade de Vigo. Tamén estará Carlos Buxadé Doctor, Catedrático e Profesor emérito da Universidade Politécnica de Madrid co seu relatorio “La actual ECO socio-económico de la pesca extractiva en Europa”.

Que se poderá facer no Encontro empresarial?

O Encontro empresarial é unha actividade complementaria dentro da Feira, actividade que a diferenza da Feira realízase tódolos anos dende o ano 2000. Aquí reúnen as entidades representativas da frota galega e outras asociacións estatais. Analizan a situación, acordan un documento de conclusións e propoñen solucións. Eses acordos son feitos públicos e transmitidos despois as distintas administracións implicadas no sector.

Falarase do veto á pesca de fondo por parte de Bruxelas?

Si, na primeira Xornada Técnica onde se abordaran temas de xestións pesqueira participan expertos coñecedores da política pesqueira Europea e sen dúbida tratarán o tema.

Espérase unha gran afluencia?

Despois de catro anos da última feira, debido a pandemia da covid-19, pódese dicir que esta é a edición máis esperada. As empresas teñen importantes novidades e avances tecnolóxicos que presentarán en esta edición. O sector esta en constante transformación e necesitan coñecer as novidades para adaptarse as súas necesidades.



Programa de Expomar 2023

A Fundación Expomar presentou os detalles da próxima XIX Feira Monográfica Náutico-Pesqueira Expomar 2023. En canto ao programa da feira destaca a celebración por segunda edición consecutiva do pleno do Consello Galego de Pesca, que o mércores 10 de maio cambiará este ano a súa habitual sede en Santiago para reunirse en Burela.

O venres 12 ás 18.00 presentárase o documental *Morabenza*, obra do director burelense David Mon, recentemente premiado co Premio Mestre Mateo 2023.

Ao longo dos días da feira tamén se poderá visitar a exposición *A Mariña Sumerxida* con fotografías de Carlos Gil e Hugo Fernández, que se poderá visitar dentro do denominado Espazo Abanca, que acolle tamén o punto de encontro de profesionais e a zona de restauración.

Entre o mércores 10 e o sábado 13 tamén se celebrarán xornadas de portas abertas en diferentes embarcacións amarradas no porto de Burela, como o Barco Museo Boniteiro Raiña do Carmen, do Concello de Burela; o Sar Gavia, de Salvamento Marítimo; ou as patrulleiras Río Paz e Río Luna, da Garda Civil, esta última construída recentemente en Estaleiros Ar-

món Burela.

Dentro das actividades paralelas á feira, destaca o recoñecemento á Confraría de Pescadores de Burela, membro da Fundación Expomar, que este ano celebra o seu 100 aniversario. O acto terá lugar nos actos do sábado 13 antes da clausura, que correrá a cargo do presidente da Deputación, José Tomé.

Como cada ano, o programa da feira complétase coas tradicionais Xornadas Técnicas e Encontro Empresarial.

O Encontro Empresarial de Organizacións Profesionais celebrárase o xoves 11 ás 10.00 nas instalacións de Armadores de Burela, reunindo de novo ás entidades máis representativas da frota galega e outras asociacións nacionais.

Como é habitual, as Xornadas Técnicas celebráranse no salón de actos da Confraría de Pescadores de Burela e dividíranse en dous días. A primeira xornada, que terá lugar o xoves 11 ás 17.00, tratará sobre Xestión Pesqueira, con especial atención ás leis de pesca marcadas pola Unión Europea. A segunda xornada, ás 10.30 do venres 12, será Socio Economía versará sobre temas máis sociais, de comercialización e alimentación.

A Confraría de pescadores de Celeiro celebrará varios cursos

A Confraría de pescadores de Celeiro ten previsto celebrar entre xuño e setembro varios cursos de especialidade dirixidos ao sector pesqueiro.

En principio serán catro cursos de especialidade que en función da demanda poderían ser máis. A oferta formativa da confraría celeirense comprende os cursos completos e de actualización de: mariñeiro pescador, formación bá-

sica en seguridade marítima (con actualización); curso avanzado de loita contra incendios (actualización); e curso de botes de rescate non rápido (actualización).

As persoas interesadas en participar nas accións formativas deben rexistrar a súa solicitude na confraría celeirense. A formación que ofrece a entidade celeirense son certificados de especialidade habilitantes legais e de suficiencia

en materia pesqueira, e emítense para acreditar a experiencia profesional dos pescadores tal e como esixe a normativa.

Estes certificados, serven para mellorar non só a seguridade, e profesionalidade, senón tamén o control e regulación da pesca. Estes certificados son cursos STCW, imprescindibles para navegar que cada certo tempo precísase renovar para estar ao día (caducidade de 5 anos).

A Asociación de Pesca Recreativa Burela convoca unha concentración

Dende a Asociación de Pesca Recreativa Burela convocan unha concentración o vindeiro mércores 10 de maio diante da explanada de ABSA ás 16.00 horas.

Esta manifestación será para reclamar a Portos de Galicia que “nos deice pescar nas zonas autorizadas e que a proposta que piden como convenio se inclúa nas zonas autorizadas”, din. “Somos pescadores, non somos delinquentes”, engaden den-

de a asociación.

A Asociación de pesca Recreativa Burela naceu coa intención de chegar a acordos coas diferentes partes, respaldados por unha masa social e o apoio doutras asociacións, colectivos e a maioría do pobo de Burela. Tamén de impulsar a pesca recreativa responsable e sostible, “ensinando valores e dando a coñecer unha afección a cativos e demais personas interesadas”.

DE RUTA EN RUTA

A Pontenova: ruta da Férrea

Ademais de gozar dos valores naturais e paisaxísticos da caída da ferverza, pódese ver unha panorámica do municipio

Trátase da ruta máis curta de todas as que ten o Concello da Pontenova e conduce ata a ferverza da Férrera.

Este salto de auga atópase en plena fraga do Muradal e moi preto do casco urbano da Pontenova.

É unha ruta

perfecta para escapar da calor do verán pois é un espazo natural coidado e sombrío.

Nos meses máis secos a ferverza apenas é un fío de auga, mais nos invernos máis chuviosos adopta unha imponente forma de cola de cabalo.


A erosión sobre as rochas, neste tramo son xistos e lousas, é importante e a vexetación só ocupa as marxes que nunca invade a auga.

Grazas á humidade do lugar abundan os fieitos e os brións, sendo o protagonista o bosque de ribeira cos seus ameneiros, salgueiros... Tamén atopamos algúns exemplares anciáns de especies autóctonas como carballos e castiñeiros, xa que a

ferverza encrávase no cerne da fraga de Muradal.

Esta alimentada polo rego da Férrea, e ten dous saltos de auga, duns 7 ou 8 metros de altura cada un. Nela, os sendeiristas poderán deixar o coche a tan só 300 metros do segundo salto da ferverza, é dicir a parte baixa, a onde poderán acceder sen moita dificultade.

Para acceder á parte alta da ferverza, deberase cruzar a pequena ponte de madeira para salvar o rego e despois subir facendo un pequeno zigzag pola ladeira da fraga. O traxecto para acceder a esta parte alta da ferverza, aínda que é curto, é moi empinado, e durante o percorrido haberase que subir por unha escaleira de madeira para salvar as ruínas do antigo muíño do Muradoiro e así, continuar paralelos á canle pola que se desviaba a auga cara o mencionado muíño ata acadar a ferverza na súa parte máis alta.



DATOS



2 horas



7 quilómetros



Dificultade fácil

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:

www.grupoforma-t.com

TEL.: 982 513 605